# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 21 de AGOSTO de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e un de agosto de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(703).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 14 de agosto de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(704).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENCIAS INFORMÁTICAS NON INVENTARIABLES DESTINADAS AO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 11018/113.**
Visto o informe xurídico de data 12/08/2026 e o informe de fiscalización do 18/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/07/2026, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

**ANTECEDENTES**

1.- En data 01/06/2026 o xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación da subministración continuada, segundo necesidades, de licenzas informáticas non inventariables destinadas ao Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 01/06/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 02/06/2026.
- Memoria económica do contrato de data 02/07/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 07/07/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/07/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 08/07/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23/07/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto e forma de tramitación urxente, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23/07/2026.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro**.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 01/06/2026 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo**.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministracións.

**Terceiro**.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto**.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto**.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria co prezo como único criterio de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.**- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.**- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación da subministración continuada, segundo necesidades, de licenzas informáticas non inventariables destinadas ao Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 01/06/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 02/06/2026.
- Memoria económica do contrato de data 02/07/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 07/07/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/07/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 08/07/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23/07/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto e forma de tramitación urxente, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23/07/2026.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **5.000,00 €**, que inclúe un IVE de **867,77 €**, dende o 1 de outubro de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| Exercicio | Concepto | Partida | Base | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 2026 | ADQUISICIÓN DE MATERIAL CONSUMIBLE: IMPRESOS... | 9207.2200200 | 4.132,23 € | 867,77 € | 5.000,00 € |

**TERCEIRO.-** Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **16.689,50 €**, que inclúe un I.V.E. de **2.896,98 €**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

| Exercicio | Concepto | Partida | Base | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 2027 | ADQUISICIÓN DE MATERIAL CONSUMIBLE: IMPRESOS... | 9207.2200200 | 13.792,98 € | 2.896,98 € | 16.689,50 € |

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(705).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS ELEMENTOS NECESARIOS QUE PERMITAN A XERACIÓN DE ACTAS AUDIOVISUAIS E A SÚA INCORPORACIÓN AO LIBRO DE ACTAS DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19054/101.**

Visto o informe xurídico de data 15/07/2026 e o informe de fiscalización do 12/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta 14/08/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de setembro de 2023, adoptou o acordo de adxudicar a SPICA, S.L. (B-36.603.363) a "Contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo", (19054-101), por un prezo total de 123.578,60 euros (IVE incluído), co seguinte detalle:

| Concepto | Importe C/IVE | IVE |
|---|---|---|
| Parte fixa | 99.330,20 € | 17.239,12 € |
| Parte variable | 24.248,40 € | 4.208,40 € |
| **Total** | **123.578,60 €** | **21.447,52 €** |

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares (PCAP) aprobados e a oferta presentada.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo con data 25 de setembro de 2023. Na súa cláusula cuarta establécese que o prazo de duración para o subministro era de 2 meses (hardware e licenzas) e para o servizo de asistencia e mantemento un prazo de 3 anos, prevendo unha prórroga dun ano de duración para este último servizo.

**Terceiro.-** Con data 22 de xuño de 2026 notificouse á empresa adxudicataria SPICA, S.L. o preaviso da prórroga do contrato, con cumprimento do prazo mínimo de dous meses de antelación á súa finalización, prevista para o día 24 de setembro de 2026, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da LCSP.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

**Cuarto.-** O importe dos gastos correspondentes á prórroga dun ano para o servizo de asistencia e mantemento será tramitado con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 91202060000 (licenzas informáticas) por importe de 10.052,20 € (IVE incluído)
- 91202279910 (asistencia técnica proxectos institucionais) por importe de 8.082,80 € (IVE incluído)

A aplicación orzamentaria 91202060000 é a prevista no Orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2026 para imputar este gasto, en substitución da aplicación 91202090000 utilizada no exercicio 2025.

De acordo co seguinte detalle:

| Aplicación orzamentaria | Ano 2026 | Ano 2027 | Total |
|---|---|---|---|
| 91202060000<br><br>(licenzas informáticas) | 1.675,36 €<br>(IVE incluído) | 8.376,84 € (IVE incluído) | 10.052,20 €<br>(IVE incluído) |
| 91202279910<br><br>(asistencia técnica proxectos institucionais) | 2.865,28 €<br>(IVE incluído) | 5.217,52 €<br>(IVE incluído) | 8.082,80 €<br>(IVE incluído) |

**Quinto.-** Considérase conveniente polos que subscriben a prórroga do contrato correspondente ao expediente 19054/101, relativo á contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas do Pleno do Concello de Vigo, polo período comprendido entre o 25 de setembro de 2026 e o 24 de setembro de 2027, ambos incluídos, toda vez que a execución do contrato por parte da empresa adxudicataria resultou satisfactoria, cumpríndose adecuadamente as obrigas contractuais asumidas, e permanecen vixentes as necesidades municipais que motivaron a súa contratación, polo que se considera procedente a prórroga prevista nos pregos.

## II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), este contrato réxese por dita norma no relativo aos seus efectos, cumprimento, extinción e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP determina que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables e que se acorden polo órgano de contratación de forma expresa e con anterioridade ao vencemento do prazo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Así mesmo, a cláusula 7.3 do PCAP que rexe esta contratación prevé expresamente a posibilidade de prorrogar o contrato polo período establecido no cadro de características.
A presente prórroga mantén inalteradas as condicións económicas e técnicas do contrato, limitándose á extensión temporal prevista nos pregos e no contrato.

**Terceiro.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª, apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación para acordar a prórroga corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Rectificar, ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro material contido no apartado segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de setembro de 2023, polo que se adxudicou o contrato correspondente ao expediente 19054/101, nos seguintes termos:

**Onde di:**

*"Adxudicar a SPICA, S.L. (B-36.603.363) o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6.839-213) por un prezo total do contrato de 123.578,60 euros..."*

**Debe dicir:**

*"Adxudicar a SPICA, S.L. (B-36.603.363) o contrato denominado «Contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas do Pleno do Concello de Vigo» (expediente 19054/101), por un prezo total do contrato de 123.578,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.447,52 euros, e cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I-FEC do PCAP do 20 %, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados e coa oferta presentada."*

**Segundo.**- Aprobar a prórroga, por un período dun ano, do contrato do expediente 19054/101 "Contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo", adxudicado a favor de SPICA, S.L. (B-36.603.363). O período de prórroga comprenderá desde o 25 de setembro de 2026 ata o 24 de setembro de 2027, ambos incluídos.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto correspondente á citada prórroga do servizo de asistencia e mantemento, que será tramitado con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 91202060000 (licenzas informáticas) por importe de 10.052,20 € (IVE incluído)

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

- 91202279910 (asistencia técnica proxectos institucionais) por importe de 8.082,80 € (IVE incluído)

A aplicación orzamentaria 91202060000 é a prevista no Orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2026 para imputar este gasto, en substitución da aplicación 91202090000 utilizada no exercicio 2025.

De acordo co seguinte detalle anual:

| Aplicación orzamentaria | Ano 2026 | Ano 2027 | Total |
|---|---|---|---|
| 91202060000<br><br>(licenzas informáticas) | 1.675,36 €<br>(IVE incluído) | 8.376,84 € (IVE incluído) | 10.052,20 €<br>(IVE incluído) |
| 91202279910<br><br>(asistencia técnica proxectos institucionais) | 2.865,28 €<br>(IVE incluído) | 5.217,52 €<br>(IVE incluído) | 8.082,80 €<br>(IVE incluído) |

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria SPICA, S.L., indicando que pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos prazos desde o día seguinte ao da súa notificación.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(706).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DOS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 100198/332.**

Visto o informe de fiscalización do 13/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/08/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación (PPT)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Na sesión do 28 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores en colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación (expediente nº 25.731-332), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 6 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

> *"Adxudicar a SCHINDLER, S.A. (A50001726) o aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25.731-332) que propón unha porcentaxe de redución do orzamento base de licitación previsto no apartado 3.A da FEC do PCAP de un 70,14 % o que supón un prezo de adxudicación de 38.240,63 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.636,80 euros.*
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 2 de novembro de 2022 e a súa execución comezou ao día seguinte, por un prazo de 3 anos, prevéndose dúas prórrogas de 12 meses de duración cada unha.

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

**Cuarto.-** Para responder do cumprimento deste contrato SCHINDLER, S.A. constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 1.580,19 euros, segundo mandamento de ingreso n.o 202200098133 de data 27 de setembro de 2022.

**Quinto.-** Este contrato foi obxecto dunha prórroga acordada pola XGL o 4 de xullo de 2025, polo período comprendido entre o 3 de novembro de 2025 e o 2 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos.

**Sexto.-** A Xunta de Goberno Local en data 25 de abril de 2025 acordou a primeira modificación deste contrato, coa finalidade de incorporar dentro da listaxe de instalacións a manter ao ascensor do Centro de Educación Infantil e Primaria Pintor Laxeiro. Esta modificación supuxo un incremento do prezo do contrato dun 0,80% (expediente 7086-241).

**Sétimo.-** O 8 de xullo de 2026 o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada de Educación e da concelleira da Área de goberno de Educación, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato "*ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP* Mosteiro".

**Oitavo.-** Con data 10 de xullo de 2026 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o día 13.

**Noveno.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto/fora do prazo, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito con data de entrada no rexistro xeral de 28 de xullo de 2026.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### -I-
### Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

### -II-
### Da potestade de modificación dos contratos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- **a)** A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- **b)** No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- **c)** A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- **d)** Limite máximo do 20% do prezo inicial.
- **e)** A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- **a)** Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- **b)** Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

**a)** Prestacións adicionais.

Cando deviñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

**1)** Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerase inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerarase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

**2)** Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

**b)** Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

**1)** Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.

**2)** Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

**3)** Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

**c)** Modificacións non substanciais

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).

**-III-**

**Da modificación do contrato do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación**

O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos que ten por obxecto o mantemento preventivo, correctivo e regulamentario dos ascensores sitos en colexios públicos, escolas infantís e outros edificios dependentes do Servizo de Educación

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

A modificación é solicitada polo técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada de Educación e da concelleira da Área de goberno de Educación en informe de 8 de xullo de 2026. Do referido informe despréndese que estamos ante unha modificación prevista no PCAP.
Comezaremos por analizar a **concorrencia dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi:**

1. Que concorra unha razón de interese público.
2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso as recollidas no prego que rexe o contrato.

**1.- A concorrencia dunha razón de interese público**

A modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, durante a vida útil dos aparatos elevadores, o seu mantemento en óptimas condicións de funcionamento e seguridade, de cara a evitar ou reducir as avarías ou fallos que provoquen a interrupción do servizo ou dificulten a súa operatividade, en base ás competencias propias previstas no artigo 25.2.n da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local "P*articipar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar cas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial*". Tal e como indica o servizo xestor no seu informe "*O funcionamento do ascensor é primordial para a comunidade educativa, especialmente para paliar as dificultades que poidan enfrontar as persoas usuarias que conten con mobilidade reducida, sendo imprescindible para este funcionamento que se conte con empresa encargada do mantemento do ascensor*".

**2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos**
Dado que a modificación está prevista no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP).
O prego prevé a modificación do contrato e a regula no apartado 15 das follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP:

***A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:*** *si*
***B) ASPECTOS A MODIFICAR:*** *o incremento ou diminución das labores mantemento*
***C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*** *o incremento ou diminución do número ascensores a manter*
***D) LIMITES DA MODIFICACIÓN:*** *10% do prezo do contrato*
***E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:*** *non se fixan*

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

### 2.1.- Circunstancias que motivan a modificación

A modificación vén motivadapola necesidade de incorporar no contrato o mantemento do ascensor do CEIP Mosteiro, que tería encaixe no apartado 15.C da FEC do PCAP.
Este ascensor reúne as seguintes características, segundo o informe do servizo xestor:

| Edificio | Dirección | Tipo | Acce-sos | RAE | Vel. (m/s) | Pra-zas | Carga | Fabri-cante |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CE**IP MOS-TEIRO** | Praza de Mos-teiro, s/n (Bem-brive) | 1 ascensor hi-dráulico | 3 | 6314 | 1,0 | 6 | 450 kg | Ascel |

### 2.2.- Aspectos a modificar

O único aspecto do contrato que se pretende modificar é o incremento das labores mantemento (apartado 15.B da FEC).

Informa ao respecto o responsable do contrato:

> *"O prezo da modificación dende o mes de setembro de 2026 ata a data de finalización da primeira prórroga do contrato 02 de novembro de 2026 sería de 104,54 euros (50,58 euros/mes por 2 meses e 1,69 euros/día por 2 días). Estes resultados obtéñense ao dividir o prezo do contrato (38.240,63 €) entre as anualidades (tres), o número de ascensores que eran obxecto de mantemento no momento da súa sinatura (vinte e un) e o número de mensualidades do contrato (doce), do que resulta un prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 50,58 euros e un prezo diario de 1,69 euros.*
> *Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 (Inspección seguridade ascensores)".*

### 2.3.- Límites da modificación

O apartado 15.D das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 10% do prezo do contrato. A modificación prevista implica un incremento do prezo de 104,54 euros, que representa o 0,27% do mesmo, polo que está dentro deste limite.

## -IV-
## Procedemento de modificación do contrato

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

1) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Evacuado o trámite de audiencia ao contratista, este manifesta a súa conformidade coa modificación proposta en escrito presentado no Rexistro Xeral o 28 de xullo de 2026.

**2)** Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

Neste caso non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros (38.240,63 euros), e se trata dunha modificación prevista no PCAP.

**3)** Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP) .

**4)** Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).

**5)** Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).

**6)** Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.

**7)** Publicación.

Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberá publicarse anuncio de modificación no «Diario Oficial da Unión Europea».

**8)** Comunicación ao Consello de Contas se o importe de adxudicación supera os 150.000 euros (artigo 335.2 LCSP).

Neste caso non resulta necesario por canto o prezo de adxudicación é inferior a 150.000 euros.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

**-V-**

**Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9.C do PCAP establece que a garantía esixida será do "*5% do orzamento base de licitación sen IVE*", o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 4,32 euros.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LPA).

**-VII-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira de Área de Goberno de Contratación, segundo acordo de data 7 de novembro de 2025.

**-VIII-**

**Proposta de acordo**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> *"1º.- Modificar o contrato do servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores en colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación*

*(nº expediente 25.731-332), adxudicado a SCHINDLER, S.A., por acordo deste órgano do 6 de outubro de 2022, segundo o solicitado polo técnico do Servizo de Educación , conformado pola concelleira delegada de Educación e a concelleira da Área de Goberno de Educación no informe de 8 de xullo de 2026.*

*2º.- A modificación consiste na incorporación ao listado dos aparatos elevadores do Anexo 1 do PPTP do ascensor do CEIP Mosteiro, que implica un incremento do prezo do contrato en 104,54 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 (Inspección seguridade ascensores), imputándose á anualidade 2026.*

*Esta modificación representa un 0,27% do prezo do contrato.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.*

*Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.*

*Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LPA).*

*5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(707).- DECISIÓN DE NON ADXUDICAR O CONTRATO DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE DOUS ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO (MUPI) NO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS, PARA A PRESENTACIÓN DE INFORMACIÓN NO MARCO DO PSTD FINANCIADO POLO PRTR : NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 9039/104.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/08/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo interventor xeral, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, do Administración Local de Galicia
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de dous elementos de mobiliario urbano (MUPI) no casco histórico de Bouzas, para a presentación de información no marco do PSTD financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationeu (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 8 de maio de 2026 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación do subministro e instalación de dous elementos de mobiliario urbano (MUPI) no casco histórico de Bouzas, para a presentación de información no marco do PSTD financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationeu (9.039-104), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O 11 de maio de 2026 publicouse o anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público rematando o prazo de presentación de ofertas o 26 de maio.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 4 de xuño de 2026, acordou admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan:

1. AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL
2. ELECTRONIC TRAFIC, SA
3. INTELLIGENT SCREEN SERVICES, SL
4. SPIRAL CONTRACT, SL

Na referida sesión indicouse que en base á cláusula 17.1 do PCAP e tendo en conta o cofinanciamento deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT-GENERATION-EU, "*faise necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado á "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE. Asemade, procederase a comunicar no expediente, os datos dos/as membros da Mesa de Contratación, dos/as técnicos/as que asistirán á Mesa na valoración dos sobres B e C e dos licitadores admitidos no procedemento e a por á firma dos dous primeiros a correspondente DACI segundo o modelo establecido na devandita orde*".

Realizada esta operación figura no expediente o resultado de riscos de conflitos de interese no que se informa que "*Todas as parellas decisor-pontencial beneficiario están en situación de bandeira verde*".

.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 9 de xuño de 2026, abriu o Sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

| | Licitador | Prezo ofertado (sen IVE) |
|---|---|---|
| 1 | AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL | 67.900,00 € |
| 2 | ELECTRONIC TRAFIC, SA | 55.657,60 € |
| 3 | INTELLIGENT SCREEN SERVICES, SL | 42.311,65 € |
| 4 | SPIRAL CONTRACT, SL | 62.000,00 € |

A Mesa acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**Quinto.-** Na sesión da Mesa de Contratación do 12 de xuño de 2026 entregouse o informe asinado polo xefe da área de Investimentos e a xefa do servizo de Xuventude (delegación de data 29.05.2026) do 9 de xuño de 2026, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acordou iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con INTELLIGENT SCREEN SERVICES, SL por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificala.

O referido acordo foi notificado a INTELLIGENT SCREEN SERVICES, SL o 12 de xuño de 2026, quen presenta documentación o 17 de xuño (documento nº 2601513399). Esta documentación foi remitida ao servizo xestor para informe.

**Sexto.-** A proposta da Mesa de Contratación do 25 de xuño de 2026, mediante resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 25.09.2025 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

7.11.2025), aceptouse a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por INTELLIGENT SCREEN SERVICES, SL neste procedemento.

**Sétimo.-** A xefa do Servizo de Turismo e o xefe da Área de Investimentos emiten informe de valoración do Sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores admitidos con data do 25 de xuño de 2026.

O referido informe foi incluído na orde do día da sesión da Mesa de Contratación do 3 de xullo de 2026.

**Sétimo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 3 de xullo de 2026 acordou retirar o informe de valoración do Sobre C da orde do día a solicitude da xefa do Servizo de Turismo.

**Oitavo.-** En data 13 de agosto de 2026, a xefa do Servizo de Turismo, responsable do contrato, xunto co xefe da Área de Investimentos, solicitaron a non adxudicación do contrato.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**-I-**

### DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
   - Nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
   - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Este artigo recolle dúas institucións distintas: a renuncia (decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato) e a desistencia. A principal diferencia entre ambas é que a primeira supón un cambio da vontade da Administración fundado en razóns de interese público, mentres que a desistencia é un acto regrado fundado en causas de legalidade, que esixe a concorrencia dunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Afirma ao respecto a doutrina, citaremos por todas a Resolución nº 1508/2023 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales do 16 de novembro de 2023 que:

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

*“A decisión de non adxudicar, a diferencia da desistencia, supón un cambio na vontade da Administración de contratar a prestación, por razóns de interese público e, por iso, é un acto de contido discrecional. Ha de ser acordado –ao igual que a desistencia– antes da formalización do contrato, e precisamente polo seu carácter discrecional o artigo 152.3 da LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes no procedemento de adxudicación, a prohibición ao órgano de contratación de promover unha nova licitación do obxecto do contrato, en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión de non adxudicar.*

*Polo contrario, a desistencia ten un contido por completo diferente, a diferencia da renuncia non é un acto discrecional determinado polo cambio de vontade da Administración contratante, senón un acto regrado fundado en causas de legalidade e non de oportunidade. Por iso esixe, como sinala o apartado 4 do artigo 152 da LCSP, a concorrencia dunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, que faga imposible continuar coa licitación ata a súa formalización; e por iso a desistencia, a diferencia da decisión de non adxudicar, non impide a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación co mesmo obxecto”.*

## -II-

## DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON ADXUDICAR O CONTRATO

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

**a) Non adxudicación do contrato:**

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se adxudicou.

**b) Causa:**

A causa alegada para a decisión de non adxudicar o contrato está fundada en razóns de interese público.

Tal e como informa o servizo xestor:

*1. Potestade de non adxudicar por razóns de interese público (Art. 152)*

*O artigo 152.3 da LCSP permite ao órgano de contratación decidir “non adxudicar ou celebrar o contrato” por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.*

*A imposibilidade de cumprir os prazos da subvención supón un risco certo de perda do financiamento. O interese público vese comprometido se a Administración se ve obri-*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

*gada a custear integramente con recursos propios unha prestación que contaba con financiamento externo, prexudicando a estabilidade orzamentaria.*

*2. <u>Quebra do Principio de Necesidade e Idoneidade (Art. 28.1)</u>*

*Segundo o artigo 28.1 da LCSP, as entidades do sector público non poden celebrar contratos que non sexan estritamente necesarios para o cumprimento dos seus fins, debendo ser o obxecto idóneo para satisfacer as necesidades.*

*A necesidade a satisfacer con este contrato xustifícase no informe de data 17 de febreiro de 2026 e concrétase no apartado 2c) do Anexo I -FEC- do PCAP nos seguintes termos:*

> *"poñer en valor o patrimonio histórico de Bouzas, reforzar a súa identidade como destino turístico singular, sostible e de calidade, e contribuír á dinamización económica, social e cultural da contorna, en plena coherencia cos obxectivos estratéxicos do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino, dentro da competencia municipal prevista no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, (información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local), nos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e no artigo 5 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia (promoción e protección dos recursos turísticos do seu termo municipal)".*

*Tal e como se indica no apartado 3K das FEC o gasto está vinculado ao desenvolvemento do convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU.*

*En efecto e, tal e como se indica nos antecedentes, este contrato atópase vinculado á actuación 4.2 "Mellorar a imaxe final e a integración urbanística, paisaxística e ambiental da contorna litoral do casco antigo de Bouzas" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation EU, mediante a subvención concedida ao abeiro da Resolución da Secretaría de Estado de Turismo, con data 30 de xaneiro de 2025, no marco do citado Plan; encadrándose dita axuda no Compoñente 14 "Plan de modernización e competitividade do sector turístico", na medida de tipo investimento 1, cuxo obxecto é implantar actuacións que impulsen a sustentabilidade turística nas súas tres vertentes: ambiental, socioeconómica e territorial; beneficiando os destinos turísticos, os axentes sociais e os operadores privados do sector, Submedida 2 "Plans de Sustentabilidade Turística en Destino", sen ter asignado ningún campo de intervención nin etiquetado verde ou dixital.*

*Así mesmo, debían cumprirse os seguintes fitos e obxectivos establecidos na Decisión de Execución do Consello (Documento CID) relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España e no artigo 3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Todo iso está ademais recollido no Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 22 de maio de 2023.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

*•Obxectivo nº 219 do CID: Adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.*
*•Fito crítico 220: Finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.*
*•Fito crítico 221: Finalización dos proxectos de Promoción da Sustentabilidade Turística en Destinos.*

*Coa addenda ao convenio ampliouse o prazo de execución das actuacións obxecto do convenio ata o 30 de xuño de 2026. En consecuencia, nesta data como máximo debían estar efectuados os pagos e subida a documentación preceptiva ao aplicativo establecido para o efecto.*

*Considerando que o proceso administrativo dilatouse, resultando imposible a execución do contrato dentro do prazo establecido de un mes como se establecía no PCAP e que previa como data de inicio do contrato o 1 de maio e tendo en conta que en data 30 de xuño o contrato non estaba adxudicado, concluése que non resulta oportuno proceder a adxudicar o contrato por razóns de interese público, xa que resultaría inevitable incorrer en incumprimento do prazo establecido no convenio do PSTD, o que implicaría un risco evidente de perda dos fondos afectados que haberían de financiar o contrato; por iso, en caso de adxudicar estariamos ante unha situación análoga ou equivalente, por previsible, á adxudicación de contrato sen crédito suficiente, isto é, nunha causa de nulidade do contrato do 39.2.b) da LCSP.*

*En base ao anterior, ao estar a prestación obxecto do contrato vinculada a un marco temporal estrito definido polo convenio do PSTD e así mesmo establecen nas FEC a obligación, do cumplimento do obxecto do convenio, do contratista, polo que se dá a imposibilidade material de cumprimento de prazos de execución da licitación, de adxudicación, de formalización e execución do subministro de MUPIS fan que o contrato perda a súa idoneidade. Un contrato que non pode executarse no tempo útil previsto deixa de ser necesario para o fin institucional que motivou a súa licitación, que resulta do cumprimento das obrigas obxecto do convenio entre o Concello de Vigo e a Axencia de Turismo de Galicia para a execución do citado Plan, no marco do devandito PRTR, financiado pola Unión Europea–NextGeneration EU.*

*3. Incumprimento das características do financiamento (Art. 29.1)*

*O artigo 29.1 da LCSP establece que a duración e execución dos contratos deben fixarse tendo en conta, entre outros factores, as características do seu financiamento.*

*Ao ser a subvención o soporte económico do contrato, os seus prazos de execución son unha "característica do financiamento" esencial. Se estes prazos son de cumprimento imposible, o expediente de contratación carece da viabilidade económica necesaria para proceder á adxudicación.*

*4. Principio de Eficiencia e Control do Gasto (Art. 1)*

S.ord. 21/08/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

> *A administración ten a obrigación de asegurar unha eficiente utilización dos fondos públicos e velar pola estabilidade orzamentaria (Art. 1 LCSP).*
>
> *Adxudicar un contrato sabendo que a fonte de financiamento principal será revogada por incumprimento de prazos supoñería unha xestión ineficiente e contraria ao principio de integridade e control do gasto".*

En definitiva, o contrato estaba vinculado ao desenvolvemento dun convenio, tal e como se indicaba nos apartados 2 C (necesidades do contrato), 3K (financiado/cofinanciado por outras institucións) e 16B (obrigas do contratista). Dada a imposibilidade de cumprir co marco temporal do convenio, o contrato xa non resulta necesario e idóneo e non existe crédito adecuado e suficiente, polo que deviría nulo de pleno dereito (artigo 39.2b) da LCSP.

**c) Xustificación da causa:**

Coa exposición da concorrencia desta causa cumpriríase o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un contrato.

Seguindo a doutrina do Tribunal Central de Recursos Contractuales a potestade de decidir non adxudicar un contrato é discrecional. A resolución nº 856/2026 do 21 de maio establece que basta con que se xustifique no expediente a concorrencia dunha causa de interese público que determine a renuncia ("*se o órgano de contratación é libre de iniciar ou non o procedemento de contratación, esa liberdade alcanza así mesmo á posibilidade de renunciar á celebración dun contrato atopándose en curso un procedemento de contratación, sempre que existan razóns de interese público para iso, como non pode ser doutro xeito, posto que ningún ente do sector público pode verse constrinxido a celebrar un contrato se existen razóns xustificadas para estimar improcedente dita contratación*").

Esta resolución alude á referida doutrina "*que se condensa, entre outras, na resolución nº 21/2023, do 13 de xaneiro de 2023, e a resolución 416/2024 do 20 de marzo*", na que resaltamos:

- en ningún caso a discrecionalidade pode encubrir unha decisión arbitraria, debendo sempre estar dirixida a actuación administrativa á satisfacción do superior interese xeral (resolución nº 731/2014).

- a decisión do órgano de contratación debe de estar debidamente motivada, sen que poida limitarse a apuntar de xeito xenérico á existencia dun interese público, non especificando as razóns concretas que avalan dita decisión. Establece a resolución 1394/2023 que "*Para que se considere cumprido o requisito da motivación, abonda con que o acordo conteña unha referencia exacta aos feitos cunha correspondente mención das normas aplicadas, sen que isto implique en ningún caso que deban adaptarse formalmente, con absoluto rigor procesual, a un siloxismo lóxico-xurídico completo, senón que, para que se cumpra a carga da motivación, abonda con que se indiquen sucintamente as liñas básicas ou os datos fundamentais vinculados a través do razoamento axeitado que determinan a conclusión ou decisión que se adopta".*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

- non require de circunstancias graves ou excepcionais: "*a renuncia a adxudicar non está condicionada a que existan circunstancias graves ou excepcionais, de igual maneira que os particulares poden non chegar a celebrar un contrato pese a que as negociacións para a súa conclusión estiveran moi avanzadas, o mesmo sucede cos poderes adxudicadores se consideran que a súa celebración pode supoñer un risco para os intereses públicos dos que son garantes*" (resolución 400/2017).

En base á referida doutrina, a decisión de non adxudicar este contrato proposta polo Servizo de Turismo non resulta arbitraria e concreta as causas de interese público.

**-III-**

**DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

A lexislación contractual impón á administración contratante a obriga de notificar a decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato aos candidatos ou licitadores participantes (artigo 152.1 LCSP).

O acordo publicarase no perfil de contratante (artigo 63.3 da LCSP) e no portal de transparencia (artigo 8.1a da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno), non sendo necesario informar á Comisión Europea desta decisión dado que o contrato non foi anunciado no Diario Oficial de la Unión Europea ao non estar suxeito a regulación harmonizada (artigo 152.1 LCSP).

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).

De conformidade co artigo 152.2 da LCSP e a coa cláusula 22.3 do PCAP, deberá compensarse aos licitadores polos gastos en que tivesen incorrido sen que esta indemnización poida superar en ningún caso a cantidade de 100 euros.

**-IV-**

**COMPETENCIA**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

**ACORDO**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"1º.- Decidir non adxudicar o contrato do subministro e instalación de dous elementos de mobiliario urbano (MUPI) no casco histórico de Bouzas, para a presentación de información no marco do PSTD financiado polo Plan de Recuperación, Transformación*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

*e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationeu (9.039-104) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo deste informe.*

*2º.- Notificar este acordo aos licitadores.*

*3º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(708).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO "PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE A MOCIDADE. ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2026". EXPTE. 14601/224.**

Visto o informe xurídico do 11/08/2026 e o informe de fiscalización do 14/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2026, asinado pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

O obxecto deste e contrato consiste en xestionar e executar o *"Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero 2026".*

O programa EnlazaVigo contra a violencia de xénero consiste na posta en marcha dun conxunto de actividades de sensibilización e de formación sobre a violencia de xénero co obxecto de previla, dirixidas ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional dos centros de ensino da cidade de Vigo. O Servizo de Igualdade poderá delimitar os cursos concretos aos que se dirixirán as actividades cada ano, de entre as etapas educativas mencionadas.

O programa iníciase ao comezo do curso escolar cunha oferta de actividades dirixida aos centros de ensino nas etapas anteriormente mencionadas, de tipo formativo, de expresión artística e reivindicativa para a súa realización nos propios centros en horario lectivo. O programa inclúe a impartición de obradoiros formativos dirixidos ao alumnado (ata un máximo de 60 horas durante o primeiro trimestre do curso escolar 2026-2027), e culmina coa realización dun acto central que se realizará nun espazo a determinar polo Concello de Vigo, nunha data entorno ao 25 de novembro, con motivo da conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, que será un lugar de encontro e de presentación de boas prácticas no ámbito da coeducación e da prevención da violencia de xénero entre a mocidade.

Os seus obxectivos xerais pretenden:

- Concienciar a poboación viguesa, especialmente a xuventude e profesorado, da problemática da violencia de xénero (orixe, tipos, causas, consecuencias, recursos,etc.), e conseguir unha maior implicación da cidadanía no seu rexeitamento.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

- Promover entre a xente moza o rexeitamento da violencia de xénero, co obxecto de detela, recoñecela e non ser cómplices destas actitudes e comportamentos.
- Previr a violencia machista nas futuras xeracións.

Mediante Resolución de data 16.06.2026 a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto a prestación do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero 2026.

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero 2026” asinado o 15 de xuño de 2026 pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade e o 16 de xuño de 2026 pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e pola secretaria de Goberno Local.
- Memoria económica asinada o 18 de xuño de 2026 pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade; conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Certificados de retención de crédito de data 22 de xuño de 2026 (operacións RC n.º 12026000071218 e RC nº 12026000071221).
- Declaracións das redactoras do prego de prescricións técnicas asinadas o 18 de xuño de 2026 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 18 de xuño de 2026 pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 22 de xuño de 2026 pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade, e conformada o 23 de xuño de 2026 pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 23 de xullo 2026 pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 23 de xullo 2026 pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP, este contrato terá un prazo de duración de 2 meses e 22 días. A prestación do servizo realizarase durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2026. O período de execución desexable sería desde o 1 de outubro de 2026 ata o 22 de decembro de 2026. Se a execución comezase con posterioridade á data prevista este prazo reducirase por canto deberá rematar, en todo caso, o 22 de decembro de 2026. Non se contemplan prórrogas.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do prezo do contrato é **28.066,57 €.**

a) Parte fixa: 19.972,37 € +(21% 4.194,20 €) = 24.166,57 €

b) Parte variable: 3.900,00 € (exenta de IVE) = 3.900,00 €

c) Orzamento base de licitación (Fixa+variable) = 28.066,57 €

Total valor estimado = 23.872,37 €

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta do orzamento vixente do Servizo de Igualdade distribuído do seguinte xeito:

- O importe de 8.504,77 €, con cargo á partida *"Actuacións contra a violencia de xénero"* 2311 2260603 número de proxecto 25231103 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

- O importe de 19.561,80 €, con cargo á partida *"Actuacións contra a violencia de xénero"* 2311 2260603 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Exercicio 2026: 28.066,57 €

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*
- O V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres de homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026 e ratificado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 23 de febreiro de 2026.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos/as concelleiros/as delegados/as de Área por Acordo da Xunta de Goberno Local do 7.11.2025 (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025).

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

**Quinto.-** Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 9 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante.

**Sexto.-** Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

**Sétimo.-** De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Oitavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente certificados de retención de crédito (operacións RC nº 12026000071218 e RC nº 12026000071221) de data 22 de xuño de 2026. O informe da fiscalización previa incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

**ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do *"Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero 2026".*

**Segundo.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 23.07.2026 pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

**Terceiro.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado en data 18.06.2026 pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total de 28.066,57 € para facer fronte á contratación da xestión do *"Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero 2026"*, que se imputará con cargo ao orzamento vixente do Servizo de Igualdade distribuído do seguinte xeito: 8.504,77 €, con cargo á partida *"Actuacións contra a violencia de xénero"* 2311 2260603 número de proxecto 25231103 e o importe de 19.561,80 €, con cargo á partida *"Actuacións contra a violencia de xénero"* 2311 2260603.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(709).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU CO FIN DE DESENVOLVER ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DURANTE O ANO 2026. EXPTE. 9114/104.**

Visto o informe xurídico do 22/07/2026 e o informe de fiscalización do 12/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/07/2026, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Nas datas do Rexistro Xeral 09.07.26 e 13.07.26, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escritos de solicitude e adxunta documentación co fin de levar a cabo o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau co fin de desenvolver accións de promoción turística para a dinamización do Turismo de Vigo durante o ano 2026 (Nº. Doc W1521343-2559 e W1523115-1906), por importe

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

total de 275.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 "Actividades de promoción coa FVCB" do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

**ANTECEDENTES**

A Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante FVCB), é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

-Dotación inicial.

-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirase por parte do Padroado.

-Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.

-Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.

-Os rendementos do seu patrimonio.

-Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.

-Os créditos e prestamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con esta actividade.

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 08.07.26, certifica a aprobación da memoria de accións a desenvolver na promoción turística de Vigo que figura como Anexo I do "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2026"

S.ord. 21/08/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo, en definitiva a captación de novos mercados e a consolidación de mercados existentes na cidade, como o turismo de congresos, o turismo estival o Vigo Nadal co obxectivo final de conseguir a desestacionalización do turismo ao longo do ano e a fidelización dos turistas.

A FVCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2026.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB aconsella que colabore no desenvolvemento das accións de promoción a través de este ente no que participa o Concello de Vigo.
O desenvolvemento de accións de promoción que completen a oferta turística e que capten novos mercados e cheguen a distintos tipos de turismo é esencial para alcanzar a desestacionalización turística e conseguir un turismo estable ao longo do ano.

**DOCUMENTACIÓN**
A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:
-Anexo I. Memoria e orzamento das accións a desenvolver na promoción turística de Vigo que figura como Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2026”
-Certificado de aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2026”
-Poder de representación da FVCB
-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
-Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.
-Certificación da conta bancaria.
O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo, apórtase polo Concello de Vigo.

Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2026, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

**XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE**

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 e posterior de 26.09.25 estableceuse o número ,denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal establece, entre outras funcións, a coordinación e dirección do turismo MICE e as relacións coa FVCB.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 “ No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: “A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións.” Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

S.ord. 21/08/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude para asinar o citado convenio.

**PROPONSE.-**
1º.- Que se aprobe o texto do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FVCB PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DINAMIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO 2026"

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 "Actividades de promoción coa FVCB" do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DINAMIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO 2026

**REÚNENSE**

A Concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación Da Ana María Mejías Sacaluga, en nome e representación do Concello de Vigo, na súa calidade de Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, virtude da Resolución da Alcaldía de data 25.09.2025, BOPPO no 186 do 30.09.2025, e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

Doutra parte, Dª Mª Carmen Lago Barreiro, na condición de Vicepresidenta da Fundación Vigo Convention Bureau, en virtude da *Resolución de Alcaldía de data 25.09.2025, BOPPO nº 186 do 30.09.2025*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Dª Pilar Saborido , Secretaria de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**MANIFESTAN**

**I.-** Que a Fundación Vigo Convention Bureau, en adiante FVCB, é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a FVCB ( A A PP - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8). Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.

-Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa trascendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

-Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

-Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestructuras para a celebración de eventos.

-Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

-Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

-Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 8 de xullo de 2026 certifica a aprobación do Anexo I do "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2026".

**II.-** Que o Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

**III.-** Que o Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidades dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo, en definitiva a captación de novos mercados e a consolidación de mercados existentes na cidade, como o turismo de congresos, o turismo estival o Vigo Nadal co obxectivo final de conseguir a desestacionalización do turismo ao longo do ano e a fidelización dos turistas.

**IV.-** Que o Concello de Vigo está interesado en desenvolver accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo da cidade.
O Concello de Vigo está a posicionarse como destino turístico, non so a nivel nacional senón tamén no ámbito internacional.
Produtos turísticos coma o Vigo Nadal e a atracción xerada polas Illas Cíes deben complementarse con outras accións de promoción turística para completar a oferta turística, así mesmo compre necesario chegar a diferentes tipos de turismo, co fin de conseguir un turismo estable ao longo do ano.

**V.-** Que a FVCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2026.

**VI.-** Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 "Actividades de promoción coa FVCB", prevé unha transferencia polo importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto sirve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".
**VII.-** Que o Concello de Vigo desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico "Turismo Urbano e de Ría" (PCPT Vigo) e na actualidade está a desenvolver dous Plans de sostenibilidade Turística, correspondentes aos anos 2022 e 2023 co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24, 01.07.24, e 25.09.2025, estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira da Área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2026.

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.- OBXECTO**
O presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiamento para a execución do proxecto para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo 2026 (Anexo I) en reunión do padroado de data 8 de xullo de 2026, que certifica a aprobación a aprobación do Anexo I do "convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2026"

**SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.**
A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo, no ano 2026, conforme co programa recollido no Anexo I, traballarase nas seguintes liñas de promoción do turismo e a promoción de Vigo como plató de rodaxes e turismo cinematográfico:

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

**A.-PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO.**
En canto a liña de promoción do turismo da cidade se traballará nas seguintes liñas de actuación:

**Eventos e Actividades:** Fomentar-patrocinar eventos culturais, deportivos, gastronómicos ou outros tipos de actividades que atraian a visitantes locais e foráneos. Estes eventos poden incluír festivais, concertos, feiras temáticas, entre outros, que destaquen a identidade e o atractivo da cidade.

**Redes co Sector**: Establecer alianzas con empresas locais, axencias de viaxes, operadores turísticos e outros actores do sector privado para promover paquetes turísticos, ofertas especiais e promocións que incentiven a visita á cidade e fomenten a colaboración público-privada en beneficio do turismo local.

**Marketing e Publicidade:** Desenvolver estratexias de márketing efectivas que resalten os atractivos turísticos da cidade a través de campañas publicitarias en medios dixitais, impresos e redes sociais. Isto pode incluír a creación de contido visual atractivo, como vídeos promocionais e fotografías de alta calidade.

**Desenvolvemento de Experiencias Turísticas Únicas:** Fomentar o desenvolvemento de experiencias turísticas auténticas e diferenciadas que permitan aos visitantes explorar a cultura, historia, gastronomía e natureza da cidade dunha maneira única. Isto pode incluír roteiros turísticos temáticas, visitas guiadas, etc.

**Sustentabilidade e Ecoturismo:** Promover prácticas turísticas sostibles que minimicen o impacto ambiental e contribúan á conservación dos recursos naturais e culturais da cidade. Isto pode incluír a implementación de programas de reciclaxe, o fomento do transporte público e o desenvolvemento de actividades de ecoturismo que permitan aos visitantes gozar da natureza de forma responsable.

A continuación se enumeran as accións propostas enmarcadas nas liñas de actuación:

**"INCENTIVOS PARA EVENTOS EN VIGO, ACCIÓNS DE PROMOCIÓN, CAPTACIÓN E DIFUSIÓN**
Neste apartado identifícanse a celebración dunha serie de actuacións que complementan ós eventos, supoñen un valor engadido ao programa e permiten a posta en valor dos elementos máis senlleiros do destino Vigo co obxecto último de ofrecer unha experiencia positiva ao visitante e crear un potencial retorno á cidade.
Vigo é un destino completo que combina tradición e modernidade e que aposta pola sustentabilidade para seguir mellorando a súa oferta para eventos, congresos, feiras, xornadas de traballo, etc. Entre as ideas para incentivos Vigo sorprende practicando orixinais actividades para coñecer Vigo e a súa gastronomía. Ofrecer aos congresistas e visitantes a posibilidade de recorrer a Ría e coñecer o patrimonio histórico, arquitectónico, xeolóxico, cultural da nosa cidade, é algo moi demandado nos últimos anos polos congresistas e visitantes que veñen á cidade, e tamén polas empresas organizadoras.
Neste senso as accións céntranse en:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

- Organización de visitas e rutas guiadas (rutas pola ría de Vigo e Illas Cíes; visitas pola cidade de Vigo, visitas temáticas ou caracterizadas con contido cultural etc.).
- Degustación de produtos gastronómicos locais.
- Actos de recepción aos visitantes.
- Elaboración de paquetes e programas.
- Cobertura aos programas de Turismo.
- Traslado dos congresistas adaptado ás necesidades do programa que presentan.
- Patrocinio de eventos, congresos, feiras con relevancia turística a fin de crear novos produtos desestacionalizadores do turismo e que xeren para a cidade un retorno económico e publicitario da marca Vigo.
- Desenvolvemento e participación en accións con profesionais e prescriptores co obxecto de captar eventos e visitantes para a cidade de Vigo:
- Participación en xornadas, congresos, eventos e feiras relacionadas co sector.
- Accións específicas ligadas á promoción da cidade.

**DESEÑO, ELABORACIÓN E EDICIÓN DE MATERIAIS PROMOCIONAIS**
Elaboración de materiais ligados á imaxe e valores da cidade que permitan tanto o apoio á potencial captación e celebración de eventos, como a atención aos congresistas:

- Deseño e elaboración de merchandising.
- Edición de materiais promocionais físicos e multimedia.
- Deseño, creatividade e impresión de materiais de información ao visitante (material informativo, planos, cartelería, mapas, folletos, tipografías, etc.).
- Deseño, edición e impresión de libros ou documentos relevantes de índole local, nacional e internacional.
- Creación de materiais de apoio ás candidaturas, eventos, congresos, feiras, etc.

**CAMPAÑAS E ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN**
Desenvolvemento de accións dirixidas a públicos obxectivos amplos mediante medios de comunicación de masas como a "targets" específicos e profesionais do sector de eventos.

- Accións e campañas de comunicación en diferentes medios offline e online.
- Desenvolvemento de contidos e actualizacións para as webs e apps relacionados co sector.
- Colaboración con editoriais e prensa especializada.
- Mellora e actualización dos medios dixitais.

**ACCIÓNS DA VIGO FILM OFFICE E PROGRAMA RUEDA**
A Vigo Film Office (en diante VFO) continuará en 2026 o seu labor de promoción da cidade como estudio de rodaxes, apoio e asesoramento ao sector audiovisual na xestión das rodaxes e fomento do turismo de pantalla.
Para iso, están previstas unha serie de actividades que fortalecerán a presenza de Vigo no panorama audiovisual e coas que esperamos continuar a senda de crecemento que estamos a vivir nos últimos anos.
Entre estas actividades, destaca en abril a celebración do evento "Rueda", que organizase por terceiro ano xunto á Academia de Cine. Vigo será unha das tres sedes que acollan este ano aos participantes dos programas formativos da Academia: "Residencias e Rueda". O evento consiste en que os participantes dos programas formativos reúnanse na cidade durante unha semana (20 ao 25 de abril) xunto cos seus mentores, que son profesionais de primeiro nivel, para realizar as titorías e impulsar os seus proxectos. O programa inclúe ademais xornadas de formación para profesionais da cidade co obxectivo de fomentar a xeración de sinerxías coa contorna audiovi-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

sual e propiciar a cooperación entre territorios. Organízanse ademais diversas actividades abertas á cidadanía en xeral e aos estudantes, como proxeccións, charlas, mesas redondas.
Por outra banda, a VFO promocionará a cidade como estudio de rodaxes nalgunhas das principais feiras e mercados audiovisuais do país como son, Fitur Screen 2026, o Festival de Cine de Málaga, o Festival de Cine de San Sebastián, o evento Shooting Locations Marketplace, entre outros."

**TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA**
A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo durante o ano 2026, polo importe de 275.000,00€ (douscentos setenta e cinco mil euros).

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS**
Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o o custe total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reducisen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO**
O pagamento da cantidade recollida neste convenio, efectuarase nun so pago, que farase efectivo á sinatura do convenio.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria 4320.4800000 "Actividades de promoción coa FVCB" por importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros).

**SÉXTA.- PUBLICIDADE**
A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.
A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

**SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN**
1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

a) *Memoria de actuación,* xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o año 2026 dentro do programa
deberá presentarse con anterioridade ao 22 de decembro de 2026.

b) *Memoria económica,* xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2026 deberá presentarse con anterioridade ao 22 de decembro de 2026.
A memoria económica deberá conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación.

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

**OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE**
O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar de acordo cos requisitos sanitarios no momento da celebración da actividade.

**NOVENA.- VIXENCIA**
O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2026 e non será prorrogábel.

**DÉCIMA.- CONTROVERSIAS**
A concelleira-delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN**
O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.

2. Por mutuo acordo das partes.

3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

**DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

**DÉCIMO TERCEIRO. - XURISDICIÓN COMPETENTE**
O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdicional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman dixitalmente o presente convenio, no lugar e data indicados.

**8(710).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANÁLISE DE AUGAS DE CONSUMO HUMANO NA BILLA DO CONSUMIDOR, AUGAS DE BAÑO, AUGAS DE RÍO E AUGAS RESIDUAIS. EXPTE. 5903/313.**

Visto o informe xurídico de data 04/08/2026 e o informe de fiscalización do 12/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/08/2026, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira-delegada, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

Tralo o informe xustificativo da Área de Medio Ambiente, Laboratorio, a terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de 07/11/2025 (BOPPO, 12/11/2025), resolveu o 05/03/2026, iniciar o procedemento administrativo maior para a contratación dos servizos de análise de augas de consumo humano na billa do consumidor, aguas de baño, augas de río e augas residuais no Concello de Vigo para o control da sanidade e salubridade pública, protección do medio ambiente e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma (expte. 18174/306).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

A memoria económica do contrato foi redactada pola inspectora de Sanidade e Salubridade, técnica de Sanidade e Salubridade, xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, concelleira delegada da dita Área e polo concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda sendo asinada dixitalmente o 22-23/06/2026.

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu documento contable de RC núm. 12026000071494, o 23/06/2026, por importe de 44.679,93 €; RC_FUT núm. 12026000071495, o 23/06/2026, por importe de 179.613,33 € ano 2027, 136.720,59 € ano 2028, con cargo á aplicación orzamentaria 3110.227.99.04 Servizos de Control de Analíticas.

O prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) foi redactado pola inspectora de Sanidade e Salubridade, técnica de Sanidade e Salubridade, xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira delegada da Área de Goberno, sendo asinado dixitalmente o 17/06/2026.

A memoria xustificativa foi redactada pola inspectora de Sanidade e Salubridade, pola técnica de Sanidade e Salubridade polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira delegada desta Área de Goberno sendo asinada dixitalmente o 25/06/2026.

A xefa do Servizo de Contratación redacta o prego definitivo de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 03/08/2026.

<u>II.- Fundamentos de dereito</u>

a) Competencia municipal

O Concello de Vigo ao abeiro do establecido no artigo artigo 25.2, apartados b), c) e j), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local de acordo coa lexislación do Estado e da C.A. ten atribuido competencias en materia de medio ambiente, abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, protección da salubridade pública polo ten a obriga de realizar diversas análises de augas para o control da rede municipal de abastecemento de agua de consumo na billa do consumidor e outras analíticas para o control da protección medioambiental, sanidade e salubridade pública, tales como fontes, augas ríos, praias, augas residuais.

Máis polo miudo, o Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnicos-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro sinala no artigo 13 os tipos de controis e vixilancia que se deben realizar, entre os que se inclúen, a vixilancia municipal, realizada pola administración local, na billa do consumidor e que se define no seu artigo 15 nos seguintes termos:

A finalidade da vixilancia municipal é proporcionar a información necesaria para determinar a calidade da auga de consumo no punto de cumprimento das instalacións interiores. Realizarase mediante a inspección da administración local tanto en edificios prioritarios como non prioritarios, mediante o control na billa e levarase a cabo de acordo co disposto nos



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

anexos II, III e VI.

O Anexo II deste RD 3/2023, do 10 de xaneiro, detalla os tipos de análise a realizar, a frecuencia de mostraxe e os parámetros a controlar, en función do tipo de zonas de abastecemento e do tipo de control a realizar.

Asemade, de conformidade co citado Rd 3/2023, do 10 de xaneiro, o programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano e a guía GC13T-02-01-08 Plan de Autocontrol e sinalización de fontes que se empregan como fontes de auga de consumo da Consellería de Sanidade,  o dito control sanitario abarcaría tamén as fontes públicas (manaltial) que e utilizan pola cidadanía para consumo.

Por outra banda, é preciso realizar outras analíticas de vertidos, rios, praias co obxecto dos controis medioambientais e da salubridade dentro das competencias municipias,

Para cumprir coa normativa citada, estimase necesario realizar anualmente un mínimo de 227 controis analiticos na billa do consumidor da rede pública de abastemento, con un control en cada analítica de, como mínimo, 15 parámetros; 379 controis analíticos nas fontes públicas cun mínimo de 15 parámetros a analizar por analítica e outras 379 con 8 parámetros a analizar por analítica. En augas marinas, rios, residuais estímase un mínimo anual de 145 controis analítico cun mínimo de catro parámetros por análitica. Tamén, se estima necesario realizar 247 analíticas con un parámetro a analizar.

Coa entrada en vigor do Rd 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnicos e sanitarios da calidade da auga de consumo, en especial, o disposto no artigo 20 e Disposición adicional oitava, para realizar a maioría destas analíticas é preciso estar acreditado pola Entidade Nacional de Acreditación ENAC (UNE-EN ISO 17025), que establece os criterios xerais para a acreditación dos laboratorios de ensaio e calibración na matriz da auga, cumprindo, tamén, coas esixencias do citado Rd.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüistica en virtude da resolución de delegación de competencias especificas do alcalde de 28/06/2024 (BOPPO 09/07/2024), ten que realizar estas análiticas para garantir a sanidade e salubridade pública e calidade do medio urbano polo precisa realizar esta contratación administrativa de servizo ao carecer de medios propoios para súa execución.

O contrato de servizos ten por obxecto a contratación dos servizo de realización de analíticas de mostras de augas de consumo humano na billa do consumidor -na que se inclúen, tamén, as augas das fontes-, as augas de río, as augas de baño e as augas residuais no Concello de Vigo para o control da sanidade e salubridade pública.

A extensión das necesidades a satisfacer determínanse detalladamente no prego de prescricións técnicas e céntranse en que:

- O articulo 25.2., apartados  b), c), J)  da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, outorga competencias propias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA.,  no medio ambiente urbano, abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, protección da salubridade pública.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  28/08/2026 12:58:10

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

- O Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnicos-sanitarios da calidade da auga de consumo, establece no artigo 13 tipos de controis e vixilancia que se deben realizar, entre os que se inclúen, a vixilancia municipal, realizada pola administración local, na billa do consumidor para garantir a calidade da auga de consumo.

As necesidades a satisfacer con esta contratación de servizos de análise de augas de consumo humano na billa do consumidor -na que se inclúen as fontes-, as augas de río, as augas de baño e as augas residuais no Concello de Vigo son as de garantir a saúde e salubridade pública e, tamén, a protección do medio ambiente.

O servizo de control da calidade da auga de abastecemento na billa do consumidor, na que se inclúen as fontes municipais, non está incluido no vixente contrato de concesión do servizo público de abastecemento e saneamento.

No que atinxe ás demais analíticas obxecto deste contrato que non acadarían máis do 8% do total, responde á necesidade de realizar controis medioambientais e da salubridade dentro das competencias municipias, xa que a maioria de vertidos que se detecta nestas analíticas corresponden a vertidos das redes públicas municipais.

b) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente as determinacións que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ó presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é “a prestación dos servizos de realización de analíticas de mostras de augas de consumo humano na billa do consumidor -na que se inclúen, tamén, as augas das fontes-, as augas de río, as augas de baño e as augas residuais no Concello de Vigo para o control da sanidade e salubridade pública”, que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, suxeito a regulación harmonizada e susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigos 22 e 44 da LCSP) .

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP. As prestacións obxecto do contrato son en función das necesidades da administración conforme previsto na D.A. trixésimo terceira da LCSP.

O prazo de execución de contrato é de dous anos con posibilidade dunha prórroga de un ano máis.

O contrato non se divide en lotes tal e como se sinala na memoria xustificativa obrante no expediente.

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Os criterios de valoración sinalados no PCAP, debidamente xustificados, para a adxudicación deste contrato sono por criterios avaliables a través de fórmula que gardan relación directo co obxecto do contrato. Así á baixa sobre os prezos unitarios do contrato outórgase un máximo de 80 puntos, que se destribúen proporcionalmente en función do maior ou menor importe das partidas no prezo total do contrato. Por outra banda, valórase con ata 20 puntos a redución dos prazos de entrega dos informes analíticos segundo os tipos esixidos no PPTP.

O orzamento do contrato xustifícase na memoria económica incorporada ó expediente e da cal resulta:
- o orzamento base de licitación (IVE 21% engadido) é de 361.013,85 euros
- o IVE a soportar pola administración (21%) é de euros 62.655,30 euros.
- o valor estimado do contrato é de euros 449.014,85 €.
- As anualidades orzamentarias previstas do contrato segundo a data previstado do contrato do 1 de outubro de 2026, son:

| ANOS | Importe sen IVE 1 de xaneiro a 30 de setembro | Importe sen IVE 1 de outubro a 31 de decembro | Total sen IVE | IVE 21% | Total con IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| 2026 | | 36.925,56€ | 36.925,56€ | 7.754,37€ | 44.679,93€ |
| 2027 | 110.776,69€ | 37.664,08€ | 148.440,77€ | 31.172,56€ | 179.613,33€ |
| 2028 | 112.992,22€ | | 112.992,22€ | 23.728,37€ | 136.720,59€ |
| TOTAIS | | | 298.358,55€ | 62.655,30€ | 361.013,85€ |

O gasto imputarase á partida orzamentaria 3110.227.99.04 "Servizos de Control de Analíticas".

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu o correspondente documento contable.

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de "Realización de analíticas de mostras de augas de consumo humano na billa do consumidor -na que se inclúen as augas das fontes-, as augas de río, as augas de baño e as augas residuais, para o control da sanidade e salubridade pública", expte. 5903/313.

**SEGUNDO.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola inspectora de Sanidade e Salubridade, pola técnica de Sanidade e Salubridade, polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira delegada da Área de Goberno asinado dixialmente o 17/06/2026.

**TERCEIRO.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do Servizo de Contratación asinado dixitalmente o 03/08/2026.

**CUARTO.-** Autorizar o gasto de 44.679,93 € (IVE 21% engadido) para o ano 2026; sendo o importe do gasto de 179.613,33€ (IVE 21% engadido) para o ano 2027, 136.720,59€ (IVE 21% engadido) para o ano 2028, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamenta 3110.227.99.04 "Servizos de Control de Analíticas". O Importe total do contrato é de 361.013,85€ IVE engadido, sendo a conta correspondente ó IVE (21%) de 62.655,30€.

**QUINTO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previdо na LCSP.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(711).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO: FUNCIONARIOS POLICIAIS EN CURSO DE BÁSICO SELECTIVO NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA- CATEGORÍA OFICIAL. EXPTE. 1024/2153.**
Visto o informe de fiscalización do 07/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/07/2026, asinado polo intendente da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

**ANTECEDENTES:**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 13 de decembro de 2024, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2024 (expediente 43395-220) co número total de prazas de oficial de policía local de dúas (2), proceso de provisión por promoción interna, con data 19 de decembro de 2024 publicase no BOPPO núm.246, con data 19 de febreiro de 2025 publicase no Diario Oficial de Galicia ( DOG Núm. 34).

II.- Con data 04 de novembro de 2025 foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 213, a Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte do 24 de outubro de 2025, pola que se convocou o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial.

III.- Mediante Resolución 09/2026 do tribunal designado no proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocada pola Orde do 24 de outubro de 2025, publicase a listaxe de cualificacións definitivas do proceso selectivo.

IV.- No Diario Oficial de Galicia, número 89, do mércores 15 de maio de 2026, publicouse a Resolución do 06/05/2026 da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso básico selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos da policía local.

Segundo dita Resolución, o curso terá unha duración de 250 horas lectivas e desenvolverase de xeito semipresencial na Academia Galega de Seguridade Pública e na súa plataforma de teleformación.

O curso realizarase do 7 de setembro al 23 de outubro de 2026, coa seguinte distribución horaria:

– Presencial na sede da Agasp (poderanse levar a cabo actividades en lugares diferentes a ela, logo de aviso ao alumnado).

07, 08, 09, 10, 11, 14, 15, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24 e 25 de setembro de 2026

19, 20, 21, 22 e 23 de outubro de 2026.

– Teleformación (28 de setembro al 16 de outubro de 2026).

Os restantes días entre as sesións presenciais da Agasp.

O horario do curso será, como norma xeral, das 9.30 ás 14.30 horas.

Tendo en conta o período teórico presencial establecido, así como a data de incorporación á AGASP dos funcionarios en prácticas, o número total de días de estadía dos alumnos en formación é de **20 xornadas** por alumno.

V.- Con data 03 de xullo de 2026, en sesión ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como persoal funcionario en prácticas na categoría de Oficial (OEP 2024) e dispón no-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

mear como funcionarios en prácticas a D. Oscar Rodriguez Vila e Juan Pablo Pérez Diaz, que deberán superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 11.3 da convocatoria (Orden do 24 de outubro de 2025 (DOG num 213 do 4 de novembro de 2025) como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro. Acordo publicado no BOPP Núm. 128, con data 08 de xullo de 2026.

V.- Non lles corresponden percibir dieta de aloxamento, ao estar sufragado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Policías Locais de Galicia, establece que o ingreso na categoría de policía require, ademais da superación das probas selectivas establecidas na convocatoria, a aprobación dun curso selectivo de formación na AGASP e a superación dun período de prácticas.

II.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I, pertencen ao grupo 1 e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o custe de 28,21 euros día/persoa e 14,11 euros día/persoa por razón de media dieta de manutención.

O período lectivo na AGASP de 250 horas e segundo a súa distribución horaria, fai que sexan 20 días de estancia, dos cales 16 podería ser días con dereito a dieta enteira de manutención e 4 días con dereito a media dieta de manutención, xenerando un **gasto máximo de manutención** para os 2 funcionarios de **1.015,60 euros** (507,80 € por persoa):

-O custo das dietas enteiras de manutención (16 días) ascendería a 902,72 euros (451,36 € / policía).

-O custo das medias dietas de manutención ( 4 días) ascendería a 112,88 euros ( 56,44€ / policía).

III.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, e pola Orde HFP/793/2023 do 12 de xullo, de indemnizacións por razón de servizo, por razón do gasto por uso de vehículo particular, a indemnización a percibir acadaría 0,26 euros/Km.

O percorrido entre o Concello de Vigo e a sede da AGASP é de 78,20 Km e tendo en conta que o curso selectivo segundo a Resolución non se desenvolverá en réxime de internado, e os alumnos interesados en pernoctar na residencia deberan comunicalo previamente, con carácter xeral os traxectos a realizar son 10 por semana lectiva, a excepción de aquelas semanas con festividades (nacionais, autonómicos e locais da A Estrada), o número máximo de viaxes por funcionario/a en prácticas podería ser de 40 (20 ida e 20 volta), o que suporía un gasto máximo de 813,28 € por persoa facendo un total de **1.626,56 €.**

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

| Quilómetros por persoa | Prezo total quilómetros |
|---|---|
| 40 viaxes x 78,20 km por viaxe = 3.128,00 km. | 0,26 € x 3.128,00 quilómetros = 813,28 € X 2: **1.626,56 €.** |

IV.- Tendo en conta as viaxes indicadas no apartado anterior e segundo as tarifas por peaxe publicadas na web da mercantil Audasa, concesionaria da AP 9, en concepto de peaxes (Vigo / Carracedo) por vehículo lixeiro é de 8,50 euros, sendo o gasto máximo dos funcionarios en prácticas en peaxes de **680,00 euros** (340,00 €/ funcionario).

| Viaxes | Peaxes prezo |
|---|---|
| 40 viaxes por persoa | 8,50 € X 40 viaxes = 340,00 € persoa X 2 funcionarios en practicas= **680,00 €.** |

No obstante, para o abono dos importes en concepto de uso de vehículo particular para o desprazamento á Academia Galega de Seguridade Pública, é necesaria a xustificación do uso do vehículo e do gasto en peaxes (mediante "ticket factura" da empresa concesionaria).

V.- Nas seguintes aplicacións orzamentarias e na bolsa de vinculación ou nivel de vinculación xurídica dos créditos autorizados existe crédito adecuado e suficiente:

- 1320.2302001 (axudas custo Policía Escola Galega de Seguridade).
- 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo).

VI.- De conformidade co disposto no art. 39, apartados 1 (presunción de validez e eficacia temporal dos actos administrativos desde a súa aprobación) e 3 (excepcional eficacia retroactiva dos actos favorables aos interesados) da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, procede retrotraer a eficacia do acordo proposto ao momento en que se inicia oficialmente o curso selectivo de acceso á escala básica, o 22 de abril de 2025, que constitúe o suposto de feito necesario para o devengo das axudas de manutención e transporte sen que sexa visto o menor risco de lesión de dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, o funcionario que subscribe ven en propoñer á Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA de

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.**- Autorizar o gasto de **3.322,16 €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- AXUDAS CUSTO POLICÍAS ESCOLA GAL. SEGURIDADE: **1015,60 euros** á aplicación 1320.2302001 en concepto de gastos de dietas de manutención, onde existe crédito adecuado e suficiente.
- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO, aplicación 1320.2312000: **2.306.56 euros** á aplicación 1320.2312000 en concepto de indemnización por uso de vehículo particular, onde non existe crédito adecuado e suficiente, pero sí no seu nivel de vinculación xurídica.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

a prol dos 2 funcionarios de Policía Local nomeados como persoal funcionario en prácticas na categoría de Oficial que figuran na táboa 1, segundo Acordos da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 03 de xullo de 2026, polas 250 horas de duración do preceptivo curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos de policía local a desenvolverse de xeito semipresencial na Academia Galega de Seguridade Pública.

**SEGUNDO.**- O abono farase previa xustificación pola AGASP da asistencia diaria dos funcionarios en prácticas ás clases.

Táboa 1.

| FUNCIONARIOS POLICIAIS EN PRÁCTICAS CATEGORÍA OFICIAL | | |
|---|---|---|
| | NOME E APELIDOS | DNI |
| 1 | RODRIGUEZ VILA, OSCAR | ***1213** |
| 2 | PÉREZ DIZ, JUAN PABLO | ***7047** |

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(712).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E DECAEMENTO DE ASPIRANTE PROPOSTA NA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO/A (PERSOAL LABORAL): OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. EXPTE.46282/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/08/2026, asinado pola técnica de organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente no 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

II.- A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban tres prazas de Administrativo réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C1 de titulación.



Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

III.- En sesión de data 30/12/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo das prazas equiparadas ao subgrupo C1 de titulación, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como persoal Administrativo laboral fixo, a;

-R. BARANDELA VÁZQUEZ, DNI ***0290**
-P. VILLAR POSADA, DNI ***1031**
-S. BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ, DNI ***6951**

Formulando tamén proposta de formación de bolsa de emprego resultante de dito proceso.

IV.- A Xunta Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de outubro de 2025, en relación co ditas prazas acordou contratar a dúas das persoas aspirantes propostas polo tribunal e " *(...) Á vista das incidencias xurdidas na tramitación do citado proceso referida a unha das candidatas propostas, R. BARANDELA VÁZQUEZ, DNI ***0290**, e que motivou a necesidade de realizar varios requirimentos por parte desta administración, a proposta de nomeamento referida a esa vacante realizarase con posterioridade unha vez esgotados os trámites administrativos procedentes que se están levando a cabo (...)"*

V.-Mediante notificación de data 30/04/2025, requiríuselle á aspirante R. Barandela Vázquez, para que no prazo de dez días presentase título académico que habilite para o acceso ao emprego público á praza de administrativa/o en réxime laboral, equiparable ao subgrupo C1 de titulación, trala execución do proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo polo sistema de concurso e con carácter previo ás propostas de nomeamento ao órgano municipal competente.

VI.-En data 14/05/2025, a interesada presenta copia de Certificado de Profesionalidade de nivel 3, alegando que, o nivel de cualificación esixido para obter un Certificado de Profesionalidade como o que ela presenta, é análogo ao requirido para acceder a estudos superiores, como son os ciclos formativos de grao superior, equivalentes a estudos universitarios, para os cales habitualmente se esixe o título de Bacharelato ou FP II.

VII.-Con data 27/05/2025, conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, concédeselle un trámite de audiencia por un período de 15 días para que poida presentar alegacións na defensa dos seus dereitos e intereses, e no seu caso, achegue certificado de equivalencia expedido pola administración competente, no que se deixe constancia de que a titulación presentada equivale a algunha das requiridas nas bases específicas do proceso de estabilización referidas ás prazas de administrativo/a en réxime laboral, publicadas no BOP de Pontevedra de 31 de maio de 2023, e onde se lle comunicaba expresamente o seguinte:

*- "...Como contestación, cómpre lembrar que, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria urxente do 23 de decembro de 2022, aprobou as bases xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, convocadas polo sistema de concurso (BOP Pontevedra do 30/12/2022).*
*Na base "CUARTA, CONDICIÓNS XERAIS DOS/DAS ASPIRANTES", e máis concretamente nos apartados c) e d) establecíanse os seguintes requisitos:*
*"c) Estar en posesión da titulación que se fixe nas bases específicas das respectivas convocatorias ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

*<u>d) No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas e expedilas.</u>*

*-Igualmente, no mesmo proceso de estabilización polo sistema de concurso, nas bases específicas que foron aprobadas xunto coa convocatoria de tres prazas de administrativo/a en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C1 (aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 19/05/22023, e publicadas do BOP de Pontevedra de 31 de maio de 2023), establecíanse as seguintes condicións das/os aspirantes:*
*III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/ os aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.*
*Polo tanto, no suposto de que a titulación presentada polas persoas aspirantes non se corresponda exactamente con algunha das recollidas nas bases específicas conforme á RPT municipal, (no presente caso co título de bacharelato superior ou FP II, en concordancia co artigo 76 do TREBEP) e se pretenda facer valer unha titulación que poida resultar equivalente, debe xustificarse esta homologación ou equivalencia con certificado expedido polo organismo competente para establecelas e expedilas, pero non por simple interpretación ou aplicación por analoxía como se pretende neste suposto.*
*Así o veu declarando igualmente a xurisprudencia no senso de que, a equivalencia entre titulacións non é algo que poida establecer nin a administración convocante, nin o órgano de selección a base de realizar por si mesmo a comparación dos requisitos para a súa respectiva obtención, senón que é un dato que, no seu caso, debe estar motivadamente establecido, e polo tanto será o aspirante que, en caso de entender que a súa titulación lle habilita para o acceso, quen teña que achegar a acreditación por parte da administración competente (STS de 28 de marzo de 1995; EDJ 1995/2153).”*

VIII.-En data 13/06/2025, a interesada presenta novo escrito, onde manifesta que formulou solicitude de equivalencia coa titulación de formación profesional do sistema educativo ao Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes a través da sede electrónica do devandito Ministerio, achegando copia de solicitude e xustificante de rexistro electrónico.

No citado escrito volve a alegar que conforme ao Real Decreto 659/2023 do de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de Formación Profesional, o seu certificado profesional nivel 3 sería equivalente ao Título de Bachiller ou FPII.

No seu defecto, solicitaba que se proceda á suspensión do prazo para o seu nomeamento como persoal laboral fixo do Concello de Vigo, mentres non se pronuncie o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

IX.- En data 27/08/2025 presenta outro escrito para achegar copia de matriculación da propia interesada nun Ciclo Superior de administración e Finanzas no CEIFP Portovello de Ourense, alegando novamente que o seu certificado de profesionalidade nivel 3 permítelle acceder a un Grao Superior de Formación Profesional como se fose titular do título de bacharelato ou de FP II.



Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

X.- Con data 30/10/2025 concédeselle un novo trámite de audiencia segundo o cal:

*"A data de hoxe non consta presentada a equivalencia con titulación de formación profesional do sistema educativo que no seu día formulou vostede ao Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes a través da sede electrónica do devandito Ministerio, nin tampouco se recibiu resposta algunha ao respecto.*

*Esa solicitude foi a que motivou que solicitase en data 13/06/2025 a suspensión do prazo para o nomeamento do proceso selectivo.*

*A documentación presentada ata o de agora por vostede, non se axusta ao recollido na base "CUARTA, CONDICIÓNS XERAIS DOS/DAS ASPIRANTES", e máis concretamente nos apartados c) e d) establecíanse os seguintes requisitos:*

*"c) Estar en posesión da titulación que se fixe nas bases específicas das respectivas convocatorias ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.*

*<u>d) No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas e expedilas.</u>*

*Máis alá das equivalencias que a súa titulación poida ter a efectos académicos e que lle poida permitir acceder a matriculación en certos estudios formativos, non achega a equivalencia profesional a efectos laborais requirida para poder ser nomeada conforme ás bases do proceso como administrativa laboral fixa.*

*As equivalencias a efectos profesionais co título de Bacharelato veñen establecidas no artigo 4 da Orden EDU/1603/2009, de 10 de xuño, "por la que se establecen equivalencias con los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller regulados en la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación" e a posterior Orden EDU/520/2011, de 7 de marzo, "por la que se modifica la Orden EDU/1603/2009, de 10 de junio, por la que se establecen equivalencias con los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller regulados en la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación."*

*Á vista do exposto, dáselle un último trámite de audiencia de 10 días conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas para que achegue a equivalencia solicitada no seu día por vostede ao Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes ou, no seu defecto, contestación que lle fose manifestada ao respecto.*

*En caso contrario, continuarase coa tramitación do procedemento do xeito que resulte procedente, advertíndoselle unha vez máis, que a data de hoxe non cumpriría os requisitos exixidos nas bases no referido a titulación, para ser nomeada como administrativa laboral fixa, equiparable ao subgrupo C1 de titulación, polo que procedería o chamamento da seguinte persoa que resulte segundo a orde prelación establecido polo respectivo órgano de selección.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

*O resto das persoas que foron propostas polo órgano de selección referidas ao mesmo proceso selectivo, e que acreditaron o cumprimento dos requisitos das bases do proceso, xa foron nomeadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/10/2025 (expediente 46282/220)"*

XI.- Con data 13/11/2026 ( nº rex. W1392994-6333 e R20250123811) e 19/11/2025 ( nº W1397818-2869 e R20250126101) a sra. Barandela presenta alegacións no trámite de audiencia notificado.

As mesmas resúmense en que con data 14/05/2025, presentou o título de " Certificado de profesionalidade de Administrativo de Persoal" e que o mesmo non ten validez unicamente a efectos profesionais e sería equivalente tamén aos efectos de acceso á categoría de administrativo.
Así mesmo, sinala que solicitado do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes certificado que acredite a equivalencia entre o certificado de profesionalidade de nivel 3 e a titulación esixida para o ingreso o referido Ministerio acordou a súa inadmisión e que "... *a resolución del Ministerio no niega que mi cualificación sea equivalente a la requerida, sino que me indica que esa equivalencia, que ustedes quieren ahora que un organismo público certifique, tiene la equivalencia reconocida ex lege y por ello no procede la apertura de un expediente para su certificación".*
No escrito presentado o 19/11/2026 sinala que segundo se establece na DA 10 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional: *"3. Los certificados de profesionalidad de nivel 3 expedidos con arreglo a la regulación prevista en el Real Decreto 34/2008, se consideran equivalentes a todos los efectos profesionales y de acceso a empleos públicos y privados a los certificados profesionales de nivel 3."*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:**

**I.- Normativa de aplicación aos procesos selectivos e ao acceso ao emprego público.**
1º.- A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, habilitou con carácter excepcional un terceiro proceso de estabilización de emprego público autorizando unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluía aquelas prazas de natureza estrutural que, estando ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos contempladas nas distintas Administracións Públicas, dotadas no orzamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.
Segundo se sinalaba na referida norma nos procesos debía garantirse o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2º.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece no seu artigo 11 que *"3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia".*

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

3º.- O artigo 56.1 de TREBEP regula os requisitos xerais que deben reunir os aspirantes para participar nos procesos selectivos de acceso ao emprego público público, entre os que figura "e) Poseer la titulación exigida".
O Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración xeral do Estado, regula a selección do persoal laboral no seu título II, establecendo no seu artigo 33 como se adquire a condición de persoal laboral fixo.
Segundo dito artigo 33:
*"Artículo 33. Adquisición de la condición de personal laboral fijo.*
*1. El órgano competente procederá a la formalización de los contratos previa justificación de las condiciones de capacidad y requisitos exigidos en la convocatoria. Hasta que se formalicen los mismos y se incorporen a los puestos de trabajo correspondientes, los aspirantes no tendrán derecho a percepción económica alguna.*
*2. Transcurrido el período de prueba que se determine en cada convocatoria, el personal que lo supere satisfactoriamente adquirirá la condición de personal laboral fijo."*

En termos semellantes, o artigo 63 da Lei 2/2015: "L*a condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo."*

4º.- Unha vez superado o proceso selectivo e, tal e como sinalaban as bases reguladoras do proceso selectivo, as persoas propostas para a súa contratación como persoal laboral fixo do Concello de Vigo deberían de aportar, no prazo de 20 días naturais, a documentación que se sinalaba na Base 13ª das "Bases xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo que se convocan polo sistema de concurso" ( BOP nº 249 de 30/12/2022), entre as que figuraba a titulación requirida atendendo á categoría a que optasen, advertíndose expresamente na citada base de que: *"Se dentro do prazo indicado as/os aspirantes propostos non presentaran a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos non poderán ser nomeados/as, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade".*
A aspirante dona Rosa Barandela Vázquez achega aos efectos de xustificar estar en posesión da titulación esixida para o acceso á categoría de administrativo/a un certificado de profesionalidade de nivel 3 denominado "Certificado de profesionalidad de administrativo de personal".
Segundo o previsto nas bases específicas publicadas no BOP de Pontevedra de 31/05/2023 ( nº 103) :
*"II.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes"*
E, de acordo coa base 4ª das xerais: *"d) No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas e expedilas."*

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

As bases dun proceso selectivo son a Lei de dito proceso polo que o mesmo debe ser realizarse con arranxo ao preceptuado nas mesmas, vinculando estas tanto á Administración convocante como aos aspirantes.

Por tanto, deben cumprirse os requisitos de titulación para participar no mesmo e, para o caso de equivalencia entre as titulación requiridas e as aportadas polas persoas aspirantes, serán estas as que deban xustificalos mediante "certificado expedido polo organismo competente".

**II.- Normativa reguladora da Formación Profesional.**
Segundo o artigo 38 da Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional:

**"Artículo 38. Titulación y validez.**

*1. La superación de una formación de Grado C o la disposición de los Certificados de Competencia de Grado B que incluyan todos los módulos profesionales recogidos en dicha formación dará derecho a la expedición de un Certificado Profesional, en el que deberá detallarse los módulos profesionales superados y los estándares de competencia correspondientes según el Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionales.*
*2. Los Certificados Profesionales serán otorgados por la administración competente, inscritos en el Registro Estatal de Formación Profesional y tendrán carácter oficial y validez en todo el territorio nacional.*
*3. Las credenciales expedidas por las administraciones competentes por la superación de ofertas de formación de Grado C no incluidas en el Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional, tendrán validez autonómica. En este caso, podrán emitirse e incorporarse al Registro Estatal de Formación Profesional los Certificados de Competencia de Grado B incluidos en dichos cursos de Grado C."*
Establecéndose no artigo 28 os tipos de ofertas do Sistema de Formación Profesional.
O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional que desenvolve o previsto na Lei Orgánica 3/2022 regula no seu artigo 4 as ofertas do Sistema de Formación Profesional que responden *"tipológicamente a los siguientes grados secuenciales*":
*"a) Grado A. Acreditación parcial de competencia (niveles 1, 2 o 3).*
*b) Grado B. Certificado de competencia (niveles 1, 2 o 3).*
*c) Grado C. Certificado profesional (niveles 1, 2 o 3).*
*d) Grado D. Ciclo formativo de grado básico, grado medio o grado superior (niveles 1, 2 o 3 respectivamente).*
*e) Grado E. Curso de especialización, de grado medio o grado superior (niveles 2 o 3 respectivamente)."*
No seu artigo 67.4 engade que *"Los certificados profesionales tendrán carácter parcial y acumulable del Sistema de Formación Profesional, cuando existan grados D en los que sus módulos profesionales se encuentren contenidos en su totalidad o en parte"* e no 79.3.que *" La validez académica de los certificados profesionales se concreta en la continuidad del itinerario formativo y la consecución de una titulación de Grado D, Técnico Básico, Técnico o Técnico Superior"*
Do anteriormente exposto se deduce que o sistema de Formación Profesional é un sistema de chanzos progresivos (sistema secuencial) que permite ir progresando nos distintos graos



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

do mesmo e que o certificado de profesionalidade ten validez académica aos efectos de continuar progresando en ditos graos, e poder acceder á formación correspondente ao Grao D, no que, de ser o caso, se lle validarían os módulos profesionais do certificado de profesionalidade incluídos dentro do título de formación profesional correspondente (pero non equivale o título e FP por ter este un número de horas superior ao do certificado de profesionalidade).

Os artigos 132 e seguintes do referido RD 659/2023 regulan as equivalencias no marco do Sistema de Formación Profesional.
Segundo o artigo 133 as equivalencias poderán ter validez académica (como requisito para a continuidade de itinerarios formativos) ou profesional (para posibilitar o acceso a empregos públicos ou privados que requiran un determinado nivel de formación). Pola súa banda, o artigo 134 establece que*: "Las equivalencias recogidas en las disposiciones de la norma reguladora de establecimiento de un certificado o título de formación profesional en vigor no requieren solicitud, por cuanto su equivalencia está ya contemplada en la normativa de manera automática.*
*Las equivalencias no recogidas en las disposiciones normativas serán resueltas por la unidad competente del Ministerio de Educación y Formación Profesional y notificadas a la persona interesada, para que surtan los efectos oportunos."*
O título aportado pola sra. Barandela foi expedido en base ao Real Decreto 310/1996, de 23 de febreiro polo que se establece o certificado de profesionalidade da ocupación de administrativo de persoal (BOE nº 98 de 23/04/1996). No referido RD non se sinalaban equivalencias para dito certificado de profesionalidade polo que as mesmas deberán ser recoñecidas polo Ministerio de Educación.
Solicitada pola sra. Barandela a acreditación de dita equivalencia ante o Ministerio de Educación, o mesmo resolveu a inadmisión de dita solicitude argumentando que "*...quienes tengan acreditado oficialmente algún estándar de competencia que forme parte del Catálogo Nacional de Estándares e Competencias Profesionales, tendrán convalidados los módulos profesionales correspondientes de los títulos regulados por la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, según se establezca en la norma de cada uno, como determina en su artículo 128 el Real Decreto 659/2023, de 18 de julio...".* Da citada resolución do Ministerio despréndese que non é posible establecer a equivalencia entre o certificado de profesionalidade cun título de FP educativo, pero que si que é posible validar co mesmo algún/s módulos profesionais de títulos de FP.
Examinadas, así mesmo, as distintas equivalencias establecidas para o título de bachiller na páxina do Ministerio (https://educagob.educacionfpydeportes.gob.es/ensenanzas/bachillerato/gestion-titulos/equivalencias-efectos-laborales.html), os certificados de profesionalidade non aparecen como equivalentes ao mesmo a ningún efecto (nin académico nin profesional).
Polo que antecede, non é posible estimar as alegacións formuladas pola sra. Barandela no trámite de audiencia, ao non resultar acreditado que a mesma estea en posesión das titulacións requiridas para o acceso á categoría de administrativo/a ( bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente), decaendo, en consecuencia, do seu dereito a ser nomeada persoal laboral fixo na categoría de administrativo, por non acreditar que cumpre cos requisitos de participación.

Así mesmo, e dado que o número de prazas a seleccionar é de tres (3) e visto que segundo o previsto nas bases do proceso selectivo ( Base 8.4.6):"*Con todo, sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

*convocadas, e con fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección relación complementaria de aspirantes que sigan os/as propostos/as, para o seu posible nomeamento como funcionarios/ as de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do do Estatuto do Empregado Público (TREBEP),* procede requirir a seguinte persoa aspirante con maior puntuación para a presentación, no prazo de 20 días naturais, da documentación establecida na Base Decimo Terceira das “Bases xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo que se convocan polo sistema de concurso” ( BOP nº 249 de 30/12/2022)”.

**CONCLUSIÓNS**
Primeiro.- Procede desestimar as alegacións presentadas pola aspirante R. Barandela Vázquez como aspirante no proceso selectivo para a estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, polo sistema de concurso, de tres prazas de Administrativo/a- persoal laboral, por non acreditar que cumpre cos requisitos de participación no tocante á titulación requirida para o acceso á praza de Administrativo- persoal laboral, decaendo no seu dereito a ser nomeada como persoal laboral, na categoría de Administrativo/a, no Proceso da OEP de estabilización de emprego público do Concello de Vigo.

Segundo.- En consecuencia, debe requirirse ao seguinte aspirante con maior puntuación total no proceso selectivo de estabilización de emprego temporal de tres prazas de Administrativo réxime laboral ( polo sistema selectivo de concurso) para que no prazo de 20 días naturais aporte a documentación establecida na Decimo Terceira das “Bases xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo que se convocan polo sistema de concurso” ( BOP nº 249 de 30/12/2022)”.

**III.- Órgano municipal competente**
De conformidade co disposto no art. 127.1. h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) entre as atribucións da Xunta de Goberno Local está a de *"aprobar la relación de puestos de trabajo, las retribuciones del personal de acuerdo con el presupuesto aprobado por el Pleno, la oferta de empleo público, las bases de las convocatorias de selección y provisión de puestos de trabajo, el número y régimen del personal eventual, la separación del servicio de los funcionarios del Ayuntamiento, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 99 de esta ley, el despido del personal laboral, el régimen disciplinario y las demás decisiones en materia de personal que no estén expresamente atribuidas a otro órgano".*

E consonte ao vixente réxime de delegacións competenciais acordado no Concello de Vigo corresponde conformar a proposta á Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e á Concellería delegada desta.
**PROPOSTA DE ACORDO:**

"**PRIMEIRO.-** Desestimar as alegacións presentadas pola aspirante R. Barandela Vázquez como aspirante no proceso selectivo para a estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, polo sistema de concurso, de tres prazas de Administrativo/a- persoal laboral, por



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

non acreditar que cumpre cos requisitos de participación no tocante á titulación requirida para o acceso á praza de Administrativo- persoal laboral, decaendo no seu dereito a ser nomeada como persoal laboral, na categoría de Administrativo/a, no Proceso da OEP de estabilización de emprego público do Concello de Vigo, en atención á documentación presentada e ao informe-proposta que antecede.

**SEGUNDO.-** Requerir ao seguinte aspirante con maior puntuación total no proceso selectivo de estabilización de emprego temporal de tres prazas de Administrativo réxime laboral (polo sistema selectivo de concurso) para que no prazo de 20 días naturais aporte a documentación establecida na Base Decimo Terceira das "Bases xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo que se convocan polo sistema de concurso" ( BOP nº 249 de 30/12/2022)".

**TERCEIRO.-** Notificar a presente resolución ás persoas interesadas."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, perante os tribunais de instancia na praza que resulta competente, e nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(713).- RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCESO SELECTIVO DE OITO PRAZAS DE SUBALTERNO/A: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 46509/220.**

Sométese a aprobación o informe proposta do 11/08/2026, asinado pola secretaria e a presidenta do órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de oito prazas de subalterno/a polo sistema de quenda libre, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector Público
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

- Bases xerais e específicas reguladoras do proceso selectivo para a provisión de oito prazas (8) de subalterno/a polo sistema de quenda libre (OEP 2020-2021-2022)

## ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** En data 18 de marzo de 2026 realizouse na Aula de Formación da Policía Local, sita na Casa do Concello de Vigo, o segundo exercicio obrigatorio da fase de oposición consistente en contestar por escrito dous supostos prácticos elaborados polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio, sendo o tempo para a súa realización de 1 hora e media.

**Segundo.-** En data 22 de abril de 2026, o órgano de selección publica os resultados deste segundo exercicio outorgando un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación para a presentación das reclamacións que, de ser o caso, estimasen oportunas os aspirante.

**Terceiro.-** Con data 23 de abril de 2026, a aspirante Rocío Conde Miguélez, mediante o documento 260098777, presenta polo Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito no que solicita achega dos criterios de corrección fixados polo tribunal para a avaliación do segundo exercicio, así como, copia do seu exame. Solicita, asemade, "*suspensión o interrupción del plazo de reclamaciones previsto en la publicación del 22 de Abril de la puntuación de la prueba práctica, de conformidad con los principios de tutela efectiva y evitar la indefensión*".

O órgano de selección acorda enviar a copia do exame requirida xunto cos criterios de corrección fixados. Asemade, acorda non suspender nin interromper o prazo de alegacións toda vez que os/as aspirantes poden presentar os recursos que correspondan non producíndose indefensión. Este acordo publícase, na páxina web do Concello de Vigo, en data 4 de xuño de 2026.

**Cuarto.-** En datas 23 e 25 de xuño de 2026, a aspirante Rocío Conde Miguélez presenta recurso de alzada contra a puntuación outorgada no exercicio práctico do proceso selectivo, mediante os documentos 260175308 e 260178152, respectivamente, sendo a documentación presentada o día 25 copia exacta da presentada o día 23. O motivo da impugnación é a corrección realizada polo órgano de selección, en concreto e unicamente, do seu exercicio, realizando unha exposición de cada unha das preguntas dos dous supostos prácticos nos que consistía o exercicio, e facendo unha comparativa entre a puntuación dada polo tribunal e a puntuación que, a xuízo da aspirante, debería ter obtido.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.- Sobre o recurso de alzada e concorrencia ou non dos requisitos de admisión**

Segundo o establecido nos artigo 121 e 122 da LPAC, interponse o recurso de alzada por persoa lexitimada, en tanto que a recorrente participa como aspirante no proceso selectivo, contra acto de trámite que non pon fin a vía administrativa.

En canto ao prazo de interposición, segundo o disposto no artigo 122 da LPAC, o prazo para a interposición do recurso de alzada será de un mes, "*se o acto fose expreso. Transcorrido o devandito prazo sen terse interposto o recurso, a resolución será firme a todos os efectos.*"

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

A aspirante interpón o recurso en data 23 de xuño de 2026 contra a puntuación que se lle outorga no segundo exercicio do presente proceso selectivo. Tendo en conta que o acordo do tribunal coas puntuacións do mesmo é de data 22 de abril de 2026, o recurso é extemporáneo polo que procede a súa non admisión.

No entanto, o órgano de selección acorda entrar ao fondo do recurso e contestar as cuestións expostas no mesmo.

**Segundo.- Análise das alegacións nas que se basea o recurso**

A recorrente mediante o seu recurso manifesta a súa disconformidade coa puntuación da gran maioría de preguntas en que consistían os dous casos prácticos obxecto do segundo exercicio do proceso selectivo para a provisión de oito prazas (8) de subalterno/a polo sistema de quenda libre (OEP 2020-2021-2022). En concreto, considera que debería ter obtido unha puntuación superior en todas as preguntas do suposto práctico nº1 e nas preguntas 2, 5 e 6 correspondentes ao suposto práctico nº2 en base a exposición dun análise comparativo de todas elas. Estudado o contido do recurso, o órgano de selección ratifica que a puntuación outorgada no seu acordo de data 5 de maio de 2026 é correcta.

En canto as alegacións da recorrente:

- Nuns casos alega a existencia, no seu exercicio, de "*motivación normativa*" de aplicación tal e como se contempla nos criterios oficiais pero a referencia nas respostas dadas é xenérica toda vez que se refire á lei aplicable sen mencionar os artigos específicos da mesma. Pola contra, outros e outras aspirantes si que o fixeron polo que a puntuación da recorrente diminúe como, por exemplo, na pregunta 1 do suposto práctico nº1. Por outro lado, non fai referencia aos artigos da normativa na resposta á pregunta 2 do suposto práctico nº1 e non menciona artigo nin normativa, nas respostas á pregunta 3 do mesmo suposto práctico, nin na resposta á pregunta 2 do segundo suposto práctico.
- Noutros casos cualifica o erro na contestación á pregunta como "*erro non significativo*" ou "*erro material*" cando o erro cometido supón que toda a resposta ou parte da mesma está mal contestada (por exemplo na mesma pregunta 1 indicada e na pregunta 5 do mesmo suposto práctico).
- Asemade, fai mención a contido que alega que está no seu exercicio pero que, analizado o mesmo, non figura (a modo de exemplo, a pregunta 2 do suposto práctico nº2).
- Tamén indica que non existe diferencia entre a súa resposta e a oficial (preguntas 2 e 3 do suposto práctico nº1) cando falta a mención á lexislación (normativa e artigo).
- Finalmente, nalgunhas preguntas (por exemplo, a pregunta 4 do suposto práctico nº1 ou a pregunta 6 do suposto práctico nº2) falta contido ou non é o suficientemente completo.

A modo de conclusión, compre lembrar neste punto a numerosa doutrina xurisprudencial a propósito da discrecionalidade técnica dos órganos de selección, aplicable ao presente recurso, que establece que o criterio do tribunal mantense ao non apreciar erro manifesto, arbitrariedade ou ausencia de toda xustificación.

Tendo en conta todo o anterior, e como xa se indicou mais arriba, o órgano de selección ratificase na puntuación outorgada á recorrente.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

**Terceiro.- Competencia para resolver**

O órgano competente para resolver o recurso de alzada é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 121 da LPAC en relación co artigo 127 .1.h) da LRBRL.

E por isto polo que se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**1º.-** Non admitir, por extemporáneo, o recurso de alzada interposto por Rocío Conde Miguélez contra o acordo do Tribunal cualificador de data 22 de abril de 2026, relativo á puntuación obtida no segundo exercicio do proceso selectivo para a provisión de oito prazas (8) de subalterno/a polo sistema de quenda libre (OEP 2020-2021-2022).

**2º.-** A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma pode, a interesada, interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados desa clase dos de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa notificación (artigos 8.1, 25.1, 46.1 da Lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa).

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(714).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 1533/2202.**

Visto o informe xurídico do 10/08/2026 e o informe de fiscalización do 11/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/07/2026, asinado polo técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 11 de maio de 2023 adxudicou a a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, SL (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202).

O contrato formalizouse o 28 de agosto de 2023 comezando a prestación o 1 de setembro. Están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Segundo.-** Con data de entrada 21 de agosto de 2025 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 250224820) a empresa IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, SL comunica a súa integración por fusión en AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, SLU.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 03 de outubro de 2025, acordou, entre outros, Tomar razón da fusión por absorción de AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, SLU (sociedade absorbente) e IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, SL (sociedade absorbida) quedando primeira delas subrogada en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local de data 11 de maio de 2023.

O contrato foi formalizado en data 28/08/2023 entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e D. DAVID GRANDÍO MOIRÓN (***8158**) para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)do Concello de Vigo, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que "O prazo do contrato é de **tres anos** contado a partir do día **1 de setembro de 2023**, contémplanse dúas prórrogas dun ano de duración cada unha". No mesmo senso, o apartado 4.A das FEC "Prazo total: 3 anos" e apartado 4.C das FEC "Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si. Dúas (2) prórrogas de un (1) ano cada unha". En consecuencia, a **data de finalización prevista** para este contrato é o **31/08/2026**.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 28 de agosto de 2023, e a prestación do servizo comezou o 1 de setembro de 2023, co que finaliza o 31 de agosto de 2026. O prezo para esta primeira prórroga do contrato é de 209.007,83 € e segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe esta contratación establece que "*este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses*". O preaviso ao adxudicatario non chegou a realizarse toda vez que con data 11/05/26 a Empresa adxudicataria solicita a prórroga do mesmo no momento do vencemento deste.

En consecuencia, procede efectuar unha primeira prórroga do referido contrato, a vista do prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e, informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de "Contrato Vixianza da saúde" (aplicación 221.0.1600800), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da Área de Recursos Humanos e Formación para o exercicio económico 2026.
Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Lo-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

cais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente o funcionario que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.-** Autorizar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) do Concello de Vigo, formalizado en data 28 de agosto de 2023 a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, SL, na actualidade AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, SLU (sociedade absorbente), para o período comprendido entre o 01 de setembro de 2026 e o 31 de agosto de 2027, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de maio de 2023; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 209.007,83 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria “” (aplicación 221.0.1600800), e bolsa de vinculación, de acordo coas seguintes anualidades:

Ano 2026 (setembro a decembro 2026): 69.669,28 €
Ano 2027 (xaneiro a agosto 2027): 139.338,55 €

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos”.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(715).- PROPOSTA DE TEXTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA". EXPTE. 2389/441.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/08/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Investimentos, o técnico de Administración xeral e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.-ANTECEDENTES**

O día 17 de xullo de 2025, dende o Concello de Vigo procedeuse a remitir toda a documentación referente o proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA", así como toda a documentación administrativa necesaria para iniciar o correspondente expediente para a aprobación dun convenio de colaboración entre ambas Institucións para o cofinanciamento deste proxecto.

Dita solicitude foi reiterada o día 5 de novembro de 2025, indicando nesta caso a urxencia para iniciar todos os tramites correspondentes a proposta do convenio de colaboración para o cofinanciamento do proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA".



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Posteriormente, o día 23 de febreiro de 2026, remitiuse unha nova dilixencia na cal se indicaba que a vista de que iniciado xa o exercicio 2026, non recibimos ningunha proposta ao respecto deste convenio, volvese a remitir unha nova proposta de convenio para poder dar tramitación de urxencia para a aprobación deste convenio en relación os créditos consignados no orzamento do ano 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra. Nesta nova proposta se manteñen as condicións económicas xa indicadas na documentación remitida, e se solicitaba a Deputación Provincial que identificara a aplicación orzamentaria que corresponda en relación co orzamento 2026 da Deputación Provincial, para incluír no modelo de convenio remitido.

O día 30 de abril de 2026, recíbese no rexistro xeral do Concello un "REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DEFECTOS, ERROS E/OU OMISIÓNS", en relación os documentos remitidos polo Concello de Vigo o pasado día 17 de xullo de 2025, identificando unha serie de cuestións que entre outros aspectos (erros aritméticos corrixidos no novo texto de convenio remitido no mes de febreiro de 2026) debido o tempo transcorrido, teñen que ser actualizadas.

Así, tal como foi requirido dende este Concello o pasado mes de febreiro, a tramitación desta proposta de convenio demanda unha tramitación urxente, procedese a remitir novos documentos co obxecto de poder axilizar dita tramitación.

**II.- OBXECTO DA PROPOSTA DE CONVENIO**

O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, ten previsto un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos de investimentos tanto no ámbito da mellora da mobilidade urbana sostible, así como en relación a mellora de espazos públicos e instalacións educativas e deportivas da cidade.

A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos, e concretamente co Concello de Vigo.

Co obxecto de dar continuidade a colaboración administrativa e financeira entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Vigo ten aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local nan sesión do día 31 de marzo de 2025 o proxecto da **"HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA",** actuación que pola sua singularidade proponse como un dos proxectos para incluír neste ámbito de colaboración.

Este proxecto demanda unha flexibilidade nos prazos de execución (debemos ter en conta as necesidades de aprobación de proxectos, aprobación de procesos de licitación, adxudicación e execución de obra), polo cal a vixencia das propostas de execución dos convenios deberán posibilitar un prazo de dous anos dende a formalización do convenio, cunha posibilidade de acordar unha ampliación polo período máximo dun ano.

O proxecto básico e de execución para a obra da **"HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA"**,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

expte. 6299/443, foi redactado polo arquitecto Javier Couto Granja, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E TRES MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS con OITENTA E TRES CÉNTIMOS (**2.163.628,83 €**) e asinado dixitalmente o día 27 de febreiro de 2025.

Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, a actuación proxectada prevé a humanización parcial da rúa Rosalía de Castro, no tramo entre a rúa República Arxentina e a rúa Pontevedra.

Dita humanización contempla as seguintes actuacións:

- Distribución da sección transversal da rúa en plataforma única de uso compartido con prioridade peonil, incrementando o espazo destinado aos peóns nas beirarrúas. Redúcese en dous carrís o espazo de circulación rodada dado o baixo fluxo de tráfico.
- Creación de diversas zonas estancias:
    - A vila: lugar de transición que incorpora mobiliario urbano e xardinería para recuperar espazo para a estancia pública.
    - Os parladoiros: Instalación de dúas grandes pérgolas circulares con un emparrado de glicínea, disposición de bancos e unha mesa.
    - A solaina: Terceiro parladoiro circular con bancos en forma de arco sen cubrición.
    - O paseo das flores: Zona de circulación peonil con disposición de bancos lonxitudinais e flores artificiais a modo de parasois, que incorporan xogos de sombras con textos de Rosalía de Castro.
    - A fraga: Pequena zona verde con plantación de especies autóctonas e mobiliario urbano.
    - O regato: Unha fonte para beber e encher botellas de auga, con saída en canal á vista que remata en un pozo natural que confire ao entorno ruído de cascada.
- Pavimentación da calzada en formigón desbastado con disco de cor clara que permite reducir a temperatura do firme en época estival e minimizar o ruído da circulación dos vehículos. Nas beirarrúas disponse dun pavimento mixto de formigón con vexetación en franxas que permite mellorar a drenaxe superficial e solucións de pavimento táctil indicador para indicar o itinerario accesible e os cruces.
- Principais actuacións nas redes de servizos:
    - Renovación da rede de abastecemento en fundición dúctil en todo o tramo.
    - Disposición dunha rede separativa de augas residuais e pluviais en PVC.
    - Renovación da rede de alumeado público, mellorando a iluminación no tramo e incrementando a eficiencia enerxética.
    - Instalación dunha rede de rego por goteo para todas as zonas verdes.
- Disporase en todo o ámbito de novo mobiliario urbano, nos que destacan a instalación de dúas grandes pérgolas circulares, bancos de distinta índole e flores fotovol-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

taicas como alegoría da vinculación de Rosalía de Castro co entorno. Complementariamente realízase un tratamento integral das zonas axardinadas, cunha selección de especies autóctonas nomeadas na obra «O herbario de Rosalía».

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) meses.

**OBRA COMPLETA.**

A actuación proxectada, refírese a unha obra completa susceptible de ser entregada ó uso xeral ou ó servizo público correspondente unha vez rematada, segundo o estipulado no artigo 13 da LCSP e artigo 125 do RXLCAP.

**ALCANCE ECONÓMICO DA ACTUACIÓN**

O proxecto ten o seguinte importe de execución:

| | |
|---|---|
| **Orzamento base de licitación con IVE:** | **2.163.628,83€** |

Estimación de custes asociados a execución da obra:

| | |
|---|---|
| Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra | 20.000,00€ |
| Contrato de Asistencia técnica a Dirección da obra | 50.000,00 € |
| Estimación custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP | 185.000,00 € |

| | |
|---|---|
| **Importe total para o ámbito desta actuación:** | **2.418.628,83 €** |

**PROPOSTA DE COLABORACIÓN PARA O SEU COFINANCIAMENTO**

A vista do axuste do alcance económico determinado coa aprobación do proxecto de obra, e tendo en conta os prazos de execución, proponse a seguinte distribución das achegas por parte de cada administración:

| | Total actuacións | Achega Deputación Pontevedra | Achega Concello de Vigo |
|---|---|---|---|
| HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA | 2.418.628,83 € | 1.700.000,00 € | 718.628,83 € |
| Anualidade | 2026 | 1.700.000,00 € | 718.628,83 € |

A vista destes antecedentes o día do 13 de maio de 2026, procedese a remitir toda a documentación da memoria xustificativa para a tramitación do citado convenio, así como un texto de convenio de colaboración entre o CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA para a execución da referida actuación en base a todos os conve-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

nios asinados entre ambas institución nos últimos anos..

O contido da proposta de convenio remitido consta dunha parte expositiva e trece pactos sendo o seu obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e Deputación Provincial de Pontevedra para o cofinanciamento e a execución das obras precisas para o desenvolvemento do proxecto da **"HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA"**, de acordo ao alcance técnico e económico que se desenvolve neste expediente. Os pactos que se incorporan ao mesmo estímanse conformes ao interese público municipal.

**III.- PROPOSTA DE CONVENIO APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LCOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA:**

Con data 15 de xuño de 2026, recíbese a través do rexistro xeral do Concello de Vigo, o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial da sesión ordinaria do día 12 de xuño de 2026, en relación o expediente: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA". (Expte. 2026015504).

No citado acordo a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra acorda por unanimidade: - *APROBAR o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA"*., indicando no propio acordo que: *A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do seu texto polo órgano competente do Concello de Vigo*.

A vista da proposta e tendo en conta que o contido do convenio aprobado pola Deputación provincial de Pontevedra, inclúe no seu clausulado modificacións realizadas de maneira unilateral dende a propia Deputación, procedeuse a solicitar informe sobre ditas modificacións.

Con data 31/07/2026, emítese informe asinado polo técnico de administración xeral e o xefe da Area de inversións no cal identificase o seguinte contido:

> ***I.-*** *O 23/02/2026 o Concello formulou proposta do Convenio (trámite 28 do expediente), recibida pola Deputación na mesma data (trámite 30 do expediente). Esta proposta, coas adaptacións necesarias, respectaba o contido dos convenios, de igual natureza e similar obxecto, que ata esta data viñan asinando as dúas Administracións.*
>
> ***II.-*** *O 13/05/2026 o Concello reitera a proposta (trámite n.º 41).*
>
> ***III.-*** *Por fin, o 15/06/2026, a Deputación Provincial envía ó Concello o texto definitivo do Convenio, quedando condicionada a sinatura da Administración Provincial á súa previa aprobación polo órgano competente do Concello, a Xunta de Goberno Local (trámite n.º 45).*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

*IV.- O texto aprobado e remitido pola Administración Provincial, sen consensualo previamente, contén unha serie de cláusulas novas en relación, non solo, ó texto proposto polo Concello, senón tamén, en relación ó texto de tódolos convenios desta índole asinados nos últimos anos entre as dúas Administracións, polo que é axeitado analizar, resumidamente e en conxunto, como consideracións do órgano xestor, tales "novidades".*

***CONSIDERACIÓNS***

***Previa.-*** *Con carácter previo, unicamente lembrar que esta especie de convenios está caracterizada como unha actuación entre entes públicos nunha situación de igualdade, tratándose de negocios xurídicos bilaterais suxeitos a un réxime de colaboración onde as potestades públicas deben exercerse de forma compatible.*

*Esta bilateralidade, como nota característica dun convenio deste tipo, supón integrar a vontade da outra parte sen exercer imperio, é dicir, en sede de relacións interadministrativas, o convenio serve de instrumento para que as Administracións Públicas poidan poñer en común o exercicio das súas competencias para a obtención dun fin compartido por elas (colaboración mutua e satisfacción do interese xeral).*

*En resumo, ao cooperar entre sí, as entidades públicas parten dunha situación de igualdade ou paridade xurídica, que impide que ningunha delas poida impoñer unilateralmente a súa decisión.*

***Primeira.-*** *Xa se dixo, o texto aprobado pola Deputación supón un significativo cambio do texto proposto polo Concello, realizado, este, respectando o texto de convenios anteriores entre as dúas Administracións.*

*Considerando fatuo, pola súa extensión, transcribir aquí todas as cláusulas novas propostas, unicamente se identifican:*

*· Pacto terceiro, puntos 2, 4 e 5*

*· Pacto sexto, (obrigas do Concello) Compartir coa Deputación de Pontevedra...*

*· Pacto sétimo (practicamente novo na súa totalidade)*

***Segunda.-*** *Estas novas cláusulas poden considerarse coma unha sorte de ius variandi decidido unilateralmente pola Deputación en relación a consensuados textos anteriores, de cuxo teor literal resulta que:*

*1. Non poden cualificarse de cláusulas de natureza xurídica estrita.*

*2. Tampouco poden cualificarse de cláusulas cun contido esencial propio dun convenio interadministrativo (fundamentalmente artigo 49 da LRXSP).*

*3. Sen embargo, a pesares desta desconexión xurídica co contido esencial dun convenio desta especie, chaman a atención os transcendentais efectos xurídicos (estes si) de natureza sancionadora que poden acadar a perda da achega económica da Administración Provincial.*

*4. A súa redacción ofrece moitas dúbidas para a súa aplicación, apreciándose en moitas delas conceptos moi indeterminados, moi difusos (por exemplo, que debe entenderse por "acto público de relevancia institucional ou mediática", ou, que debe entenderse por "lugar suficientemente visible" ou "adecuada publicidade"; a resposta*

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

*é importante polas consecuencias sancionadoras xa aludidas).*
*Todo elo puidera afectar á desexable seguridade xurídica para as dúas Administracións que pode derivar en discrepancias interpretativas que incidirían na efectividade do Convenio, que non pode resolverse cunha interpretación unilateral.*

*5. Tamén se observa que algunhas afectan ou solapan competencias propias da Mesa de Contratación e da Administración contratante (non pode esquecerse que este convenio trae causa dun contrato de obras realizado pola Administración Local, sometido a un concreto réxime xurídico que non debe ser descoñecido por ningunha das Administracións).*

**IV.- PROPOSTA:**

Á vista do informe relativo ao clausulado aprobado unilateralmente pola Deputación Provincial, advírtese que a proposta xera unha manifesta inseguridade xurídica no desenvolvemento do convenio. Dado que o obxecto principal é a execución dun contrato de obras por parte da Administración Local, este non debe quedar supeditado a decisións unilaterais. A inclusión de condicións e obrigas accesorias, dotadas dunha transcendencia sancionadora que podería implicar a perda da achega económica provincial, resulta lesiva para o equilibrio contractual.

A proposta que se somete Á aprobación da Xunta de Goberno non implica ningunha obriga de carácter económico, xa que unicamente dáse traslado dunha proposta de convenio para o seu estudo e, de proceder, para iniciar os correspondentes trámites de aprobación nos respectivos órganos competentes.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Declinar a subscrición do texto do convenio de colaboración aprobado de xeito unilateral pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión do 12 de xuño de 2026, correspondente ao expediente de referencia Expte. 2026015504, cuxo obxecto é a execución da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA", de conformidade cos fundamentos xurídicos e coa motivación exposta no corpo do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Trasladar á Deputación Provincial de Pontevedra a proposta do texto, remitido con anterioridade e actualizado para o citado "Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo a execución da obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA', a cal se incorpora como anexo ao presente acordo.

Esta proposta alternativa adecúa o clausulado ás especificidades técnicas desta actuación e preserva o principio de seguridade xurídica, respectando os precedentes e a natureza dos convenios de obxecto similar subscritos harmonicamente entre ambas as dúas Administracións ata a data; todo iso para o seu estudo e, de proceder, para o inicio dos correspondentes trámites de aprobación nos respectivos órganos competentes.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO:**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA".

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización Dna. María Beatriz Del Cerro Del Río, vicesecretaria xeral da Deputación de Pontevedra e Dna. Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

**I.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

**II.-** Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestru-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

turas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.

**III.-** Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora das infraestruturas de titularidade públicas

**IV.-** O obxectivo deste convenio é seguir e seguir mellorando a calidade dos espazos públicos vinculados a mellora da mobilidade urbana da Cidade de Vigo

**V.-** Que o O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, as infraestrutura viaria e outros equipamentos da sua titularidade

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra apoia a transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

**VI.** Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2026, ten previsto incorporar unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

**VII.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**VIII.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes con arranxo aos seguintes

## PACTOS

### PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da

S.ord. 21/08/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en
www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

obra **"HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA"**.

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra **"HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA"**, foi redactado polo arquitecto Javier Couto Granja, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E TRES MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS con OITENTA E TRES CÉNTIMOS (2.163.628,83 €) e asinado dixitalmente o día 27.02.2025 e aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión do día 31.03.2025.

**SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO**

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS CATROCENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS VINTE OITO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (2.418.628,83 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

O proxecto ten o seguinte importe de execución:

| | |
|---|---|
| **Orzamento base de licitación con IVE:** | **2.163.628,83€** |

Estimación de custes asociados a execución da obra:

| | |
|---|---|
| Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra | 20.000,00€ |
| Contrato de asistencia técnica a Dirección da obra | 50.000,00 € |
| Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP | 185.000,00 € |

| | |
|---|---|
| **Importe total para o ámbito desta actuación:** | **2.418.628,83 €** |

**2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:**

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de UN MILLÓN SETECENTOS MIL EUROS (1.700.000,00 €), desagregados da forma seguinte:

| | |
|---|---|
| Exercicio 2026 | 1.700.000,00 € |

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra será financiada con cargo ós créditos da aplicación 2026/942.9420.762.14 e de acordo á execución indicada anteriormente.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

**3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:**

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS VINTE OITO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (718.628,83 €), desagregados da forma seguinte:

| | |
|---|---|
| Exercicio 2026 | 718.628,83 € |

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos na aplicación 1532.619.00.55, proxecto de gasto 25153255 do orzamento 2026

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

**TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

**CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incursa en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.

- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

**QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO**

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiamento para cada unha das administracións en relación ao proxecto de **"HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA"**, polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de UN MILLÓN SETECENTOS MIL EUROS (1.700.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

**SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.

- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.

- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.

- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.

- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

**SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluirase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde o inicio das obras ata a súa total terminación, un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.

- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarase ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarase ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

S.ord. 21/08/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

## OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberan respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

## NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

## DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime convinte, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

**DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de xuño de 2028, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2028.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de xuño de 2029.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciarase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

**DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do conve-
nio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

S.ord. 21/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

**DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

**14(716).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BEMBRIVE". EXPTE. 2582/441.**

Visto o informe xurídico de data 16/07/2026 e o informe de fiscalización do 11/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/07/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1**.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para a "INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

POLIDEPORTIVO DE BEMBRIVE" redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso.

**2.-** O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 23.10.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 24.10.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

**3.-** Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos do día 02.12.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 22.12.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 02.01.2026 aprobou o proxecto básico e de execución para a "INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BEMBRIVE" redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL SEIS EUROS con VINTE E CATRO CÉNTIMOS (150.006,24 €), e asinado dixitalmente os días 15 e 16 de outubro de 2025, respectivamente. Expte. 6851-443.

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- **A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 02.01.2026 que se corresponde co expediente administrativo 6851-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso.
- **B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 18.03.2026.
- **C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 18.03.2026.
- **D)** Declaración de neutralidade dos redactores do proxecto asinada o día 02.12.2025.
- **E)** Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 23.04.2026.
- **F)** Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 23.04.2026.
- **G)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 18.05.2026.
- **H)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor do día 18.05.2026.
- **I)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 03.06.2026.
- **J)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241) e polo Anexo I – Follas de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado
Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

Especificacións do Contrato- correspondente ao presente expediente, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 03.06.2026.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos do día 02.12.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

## III.- PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para a “INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BEMBRI-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10

Documento asinado

Data sinatura: 28/08/2026 CSV: ADBA29-B9B1D1-E5AD52-RJ3KKW-RQBBNQ-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2143-1102 Aprobado por XGL 28/08/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 28/08/2026 12:58:10
Documento asinado

VE" redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL SEIS EUROS con VINTE E CATRO CÉNTIMOS (150.006,24 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

| | |
|---|---|
| 2026 | 100.006,24 € |
| 2027 | 50.000,00 € |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241) e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- correspondente ao presente expediente, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 03.06.2026.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420 6320045, proxecto de gasto 25342045, por importe de 100.006,24 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 3420 6320045, crédito por importe de 50.000 €.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(717).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE LAVADORES". EXPTE. 2583/441.**
